

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de xuño de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez

NON ASISTEN:

D^a. Lucia Molares Pérez
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dezanova de xuño de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(735).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 19 de abril de 2006. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(736).- CONCESIÓN SERVICIO AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 22/1746, 22/1791, 22/1813, 23/1430, 01/1060, 11/1305, 03/1288, 14/1443, 04/1449 E 22/562.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- Carlos Alves Da Silva. Expte. 22/1746.
- Concepción Bernáñez Cordeiro. Expte. 22/1791.
- Concepción González Barral. Expte. 22/1813.
- Vicente Calvo Visa. Expte. 23/1430.
- Angeles Vidal Rodríguez. Expte. 01/1060.

- Eduardo Cameselle Vila. Expte. 11/1305.
- Juan Carrillo Vergar. Expte. 3/1288.
- Avelino Barreiro Doval. Expte. 14/1443.
- Fredesvindo González Calvo. Expte. 04/1449.
- Josefa Santamaría Sánchez. Expte. 22/562.

3(737).- CONCESIÓN SERVICIO CENTRO DE DÍA. EXPTE. 03/1359.

Examinadas as actuacións do expediente, visto os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. Luisa Alonso Lago.

4(738).- CORRECCIÓN DE ERRO MECANOGRÁFICO NO INFORME-PROPOSTA DE DATA 11.05.06 E NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22.05.06, NO QUE SE APROBOU A ADXUDICACIÓN DE CINCEIROS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.EXPTE. 7577/255.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 8.06.06, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

Advertido erro mecanográfico no informe-proposta de data 11 de maio pasado e no acordo da sesión da Xunta de Goberno local de data 22.05.06, no que se aprobou a adxudicación de cinceiros nos cemiterios municipais (onde se indica “Cemiterio de Bembrive”, debe indicar “Cemiterio de Pereiro”) e polo que se propón á Xunta de Goberno local a aprobación do seguinte acordo:

“Modificar o acordo a Xunta de Goberno local de data 22 de maio de 2006 de adxudicaicón de cinceiros, no sentido de que os mesmos están situados no cemiterio de Pereiró, e non no de Bembrive, como por error fíxose constar no título da relación de adxudicatarios”.

No obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente acordo.

5(739).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA OS GASTOS DE ADMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DAS ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN LAXEIRO NO EXERCICIO 2006. EXPTE. 9593/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.05.06 e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura do 10.05.06, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 86.880 Euros (oitenta e seis mil oitocentos oitenta euros) á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para programación de actividades e funcionamento da Fundación durante o ano 2006 incluíndo gastos derivados da conservación das obras e incremento da actividade, con cargo á partida 4510.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) do vixente presuposto municipal prorrogado no ano en curso.

2º. - A tramitación da subvención á Fundación Laxeiro realizarase de acordo coas seguintes condicións:

1. Forma de pagamento.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Laxeiro o importe da subvención outorgada polo Concello de Vigo, para as actividades e funcionamento do ano 2006 a través de transferencia bancaria do seguinte xeito:

- a) unha primeira parte, ata un máximo do 50% do total da subvención, tralo outorgamento da subvención pola Comisión de Goberno
- b) unha segunda parte, ata un máximo do 25% do total da subvención, durante o mes de outubro e
- c) unha terceira parte, polo resto da subvención concedida trala aprobación da memoria-avaliación por parte do Concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais, despois dos informes técnicos necesarios.

2. Documentación para tramitalos pagamentos.-

Para o trámite dos pagamentos da subvención a Fundación Laxeiro deberá achegala seguinte documentación:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención (presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo).
- b) Informe sobre as actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo cada un dos períodos antes citados, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento.

3. Liquidación da subvención.-

Para a liquidación do último pagamento da subvención presentarase a seguinte documentación antes do 5 de decembro de 2006:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes a cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento; especificando: concepto, acreedor e gasto.
 - Detalle do balance económico das actividades e funcionamento. Gastos.- Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas polo resto do presuposto de gastos. Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contías das subvencións recibidas de institucións; achegas

económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc. ingresos diversos, contías e procedencia.

Con cada solicitude de pagamento a Fundación presentará dez (10) exemplares do material que edite ou produza. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, este extremo.

As facturas aportadas pola Fundación deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo RD 14096/2003, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionado a aprobación de memoria anual por parte do Concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, despois dos informes técnicos necesarios.

A subvención que outorga o Concello de Vigo á Fundación Laxeiro para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento axustarase ao establecido na Lei Xeral de Subvencións (38/2003, de 17 de novembro, BOE 18 de novembro de 2003), particularmente en canto ao previsto sobre xustificación ou reintegros, se procederan. A concesión da subvención directa á Fundación Laxeiro axústase ao previsto no art. 22.2. da Lei Xeral de Subvencións, es especial polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a conservación do seu patrimonio artístico a través da Fundación e a promoción fomento e difusión da obra de Laxeiro.

3º.- A Fundación Laxeiro está promovida polo Concello de Vigo e máis pola familia do pintor Laxeiro (acordos do Pleno da Corporación Municipal de data 2 de marzo de 1998 e do 26 de xuño de 1998); ademais, a presidencia correspóndelle o Alcalde de Vigo ou persoa na que delegue, na dotación inicial da Fundación Laxeiro inclúese o depósito de 62 obras de Laxeiro de titularidade municipal e a cesión de dereitos sobre elas, a sede de Fundación está na planta terceira da Casa das Artes, edificio de titularidade municipal. A Fundación Laxeiro queda obrigada ó cumprimento das seguintes condicións xerais:

1.- Facilitar ó departamento de Cultura e ó principio de cada exercicio económico unha copia da póliza de seguro dos bens incluídos na planta terceira da Casa das Artes; na que o Concello de Vigo deberá figurar como beneficiario das 62 obras de Laxeiro das que é propietario e que ten cedidas en depósito á Fundación.

2.- Facilitar ó departamento de Cultura unha copia do contrato de vixilancia, que establezan coa empresa de seguridade que preste servizos no resto das dependencias municipais da Casa das Artes.

3.- Relacionarse coa Unidade de Cultura do Concello de Vigo en todo o relacionado coas achegas municipais, o desenvolvemento das actividades da Fundación e o funcionamento na Casa das Artes. Especialmente a Fundación obrígase a informar puntualmente ó Departamento de Cultura do Concello de Vigo e con antelación sobre a programación prevista, para incluíla na difusión da programación.

4.- Dende o principio de autonomía de programación que lle corresponde á Fundación, comunicará á concellería e departamento de Cultura as súas previsións, para evitar duplicidades nos programas e coordinalo calendario de actividades.

5.- Informe sobre os fondos municipais cedidos á Fundación, préstamos, conservación, itinerancias, etc, e sobre a xestión dos dereitos tamén cedidos.

6.- Informe sobre a actividade do Padroado da Fundación: cambios na súa composición, copias das actas das sesións, etc.”.

6(740).- CONTRATACIÓN CONCERTO DE PRESENTACIÓN OFICIAL DA IMAXINA JAZZ ORQUESTRA DENTRO DO FESTIVAL DE JAZZ “IMAXINA SONS’06”. EXPTE. 9655/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Culturais, do 12.06.06, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e visto o intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do concerto de presentación oficial da *IMAXINA JAZZ ORQUESTRA*, o día 1 de xullo, ás 20,30 horas, na Centro Cultural Caixanova, dentro do programa do *Festival Internacional de Jazz “Imaxina Sons’06”*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 40.020.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a NORDESÍA PRODUCCIONES S.L., con CIF B-15547235.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
IMAXINA JAZZ ORQUESTRA
Festival Internacional de Jazz de Vigo “Imaxina Sons 06”*

En Vigo, o XXXXX de XXXXXXXX de 2006

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33281887-W, en calidade de ADMINISTRADOR e en representación da empresa denominada NORDESÍA PRODUCCIONES S.L., CIF B-15547235, con domicilio social na cidade de Santiago, rúa Galeras, 17, 2º of. 5, CP 15705; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice o concerto de presentación oficial da IMAXINA JAZZ ORQUESTRA, no sucesivo O ARTISTA, o sábado 1 xullo de 2006, ás 20,30 horas, no recinto denominado Centro Cultural Caixanova situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 70 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'06", que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

Faise constar que a marca IMAXINA JAZZ ORQUESTRA é propiedade do Concello de Vigo, polo que A EMPRESA non poderá utilizala en ningún outro espectáculo sen autorización expresa e escrita asinada polo órgano de goberno municipal competente.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 34.500.- Euros máis 5.520.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 40.020.-Euros (CORENTA MIL VINTE), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza, así como dos seis ensallos previos necesarios.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Nordesía Producións S.L., que lle será entregado a Francisco Javier Viéitez Cendón, NIF 33.281.887-W, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADA

SEXTA.- O CONCELLO porá á venda as entradas correspondentes a un prezo de 12.-€ (butaca), 11.-€ (1º anf), 10.-€ (2º anf) e 9.-€ (3º anf), e será o beneficiaria da total recaudación.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

OITAVA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

NOVENA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival Internacional de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'06 está patrocinado a nivel xeral pola entidade CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuizo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Sen perxuizo das responsabilidades que se poideran atribuir á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as tres horas despois da súa finalización.

DÉCIMO SÉTIMA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

DÉCIMO OITAVA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

DÉCIMO NOVENA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO TERCEIRA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS

1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

2. ESCENARIO E INSTALACIÓNNS

A EMPRESA coñece e acepta as condicións de escenario e as instalacións dispoñibles no Centro Cultural Caixanova para a realización do concerto, no referente ao apartado eléctrico, camerinos, seguridade...

3. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o catering, que de forma xeral consistirá en: auga mineral, refrescos, bocadillos variados, frutos secos, café e tés.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

4. VEHÍCULOS.

O CONCELLO facilitará o acceso dos vehículos que transporten o equipo do ARTISTA até o escenario a fin de poder cargalo e decargalo. Finalizados os traballos de carga e descarga, A AXENCIA deberá retirar os vehículos.

4. ACTUACIÓN E ENSAIO.

4.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

4.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde.

4.3. HORARIO.

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público, momento no que entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

7(741).- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A XXIII CARREIRA NOCTURNA DE SAN XOÁN. EXPTE. 6203/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a delegación viguesa da Federación Galega de Atletismo a organizar o vindeiro día 23 de xuño de 2005 a proba deportiva denominada "XXIII Carreira Nocturna de San Xoán", que está previsto que se desenvolva co percorrido seguinte: saída dende a Pza. do Rei, Camelias, Romil, Pi i Margall, López Mora, Bar Boo, Coruña, Tomas A. Alonso, Paulino Freire, Bouzas, Beiramar e chegada a Ribeira do Berbes. O horario previsto da realización desta carreira é entre as 21:15 h. e as 22:30 h.

8(742).- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A MARCHA POPULAR PRAZA DA MIÑOCA. EXPTE. 6204/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a a A.VV. Praza da Miñoa a organizar o vindeiro día 25 de xuño de 2006 unha marcha popular polas rúas da Prza da Miñoa e o seu entorno, que está previsto que se realice co percorrido seguinte: saída na Pza. da Miñoa, Angel Llanos, avda. da Florida, Echegaray, Segundo Mariño, Xosé Gil, Luis Ksado, para rematar no campo de fútbol sala da rúa Luis Ksado. O horario previsto desta marcha popular é entre ás 11:00 h. e as 12:00 h.

9(743).- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A XV GRAN PREMIO CICLISTA TEIS-XII MEMORIAL PABLO MOREIRAS. EXPTE. 6205/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.06.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o C.C. Teis a organizar o vindeiro día 2 de xullo de 2006 a carreira ciclista denominada "XV Gran Premio Ciclista Teis-XII Memorial Pablo Moreiras", que está previsto que se desenvolva nun circuíto formado polas rúas San Xurxo Badía, con saída e meta a altura do mercado, Enrique Lorenzo, avda. de Guixar e Julian Estevez. O horario de comezo da carreira está previsto para as 10:00 h. e a duración da mesma de tres horas aproximadamente.

10(744).- SELECCIÓN DOS 15 BENEFICIARIOS TITULARES E 15 SUPLENTES DO ITINERARIO DE CONDUCTOR/A MONITOR/A DE TRANSPORTE ADAPTADO OU ESCOLAR DO PROXECTO ACTIVATE. EXPTE. 3771/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.06.06, conformado pola concelleira de dito Servizo, que di o seguinte:

O Proxecto ACTÍVATE (expte. 3246/077) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 11/07/05, é unha iniciativa posta en marcha pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego que conta cunha axuda económica no marco da Subvención Global do Fondo Social Europeo e que pretende elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas no sector de atención a persoas e tamén de demandantes de emprego con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo, pola súa pertenza a colectivos en situación ou en risco de exclusión social. Estes obxectivos materialízanse nos itinerarios de experto en limpeza, auxiliar de axuda a domicilio, axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios, condutor monitor de transporte adaptado ou escolar, experto/a en lencería, lavandería e pasado de ferro ("planchado") e teleoperador/a, para un total de 90 persoas beneficiarias.

A unidade xestora do proxecto (Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego) elaborou as Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Actívate que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de marzo de 2006 (exp. 3659/077). Nestas bases establecéronse as fases das que consta o procedemento de selección (achégase copia).

Unha vez resoltas as anteditas fases para o Itinerario de inserción laboral de “Conductor Monitor de transporte adaptado ou escolar” dende a convocatoria pública ata a selección definitiva, foron aprobadas, a proposta do equipo técnico do Proxecto Actívate, pola concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, as seguintes listaxes definitivas de titulares e suplentes:

BENEFICIARIOS/AS TITULARES DO ITINERARIO DE CONDUTOR MONITOR DE TRANSPORTE ADAPTADO OU ESCOLAR

	<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>DNI</i>
1	<i>CARAMÉS FERNÁNDEZ, MA. CARMEN</i>	<i>39460184-G</i>
2	<i>MARTÍNEZ SÁNCHEZ, AMPARO</i>	<i>36051004-E</i>
3	<i>AMARAL FERRAZ, BEATRIZ JOAQUIM</i>	<i>X0908792-Q</i>
4	<i>MARTÍNEZ MARTÍNEZ, MA. ISABEL</i>	<i>52500713-Q</i>
5	<i>MOLDES CANCELAS, BERTA</i>	<i>76811093-V</i>
6	<i>RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, MARINA</i>	<i>36064434-C</i>
7	<i>FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, CÉSAR</i>	<i>44456518-W</i>
8	<i>FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, RAMONA</i>	<i>35999220-B</i>
9	<i>GONZÁLEZ REDONDO, GLORIA RESURECCIÓN</i>	<i>05242771-J</i>
10	<i>MENDO MUÑOZ, MA. EVA</i>	<i>36144130-K</i>
11	<i>RODRÍGUEZ PEREIRA, ROSA MA.</i>	<i>36024729-J</i>
12	<i>SANGIAO COSTAS, MA. JESÚS</i>	<i>36048770-L</i>
13	<i>AMOEDO HERMIDA, MARINA</i>	<i>36118937-J</i>
14	<i>GORRITA TILVE, ANA MARÍA</i>	<i>36087895-K</i>
15	<i>RUIBAL FARIÑA, CARMEN</i>	<i>36056875-M</i>

SUPLENTES DO ITINERARIO DE CONDUTOR MONITOR DE TRANSPORTE ADAPTADO OU ESCOLAR

	<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>DNI</i>
1	<i>GAMEIRO FERREIRA, MA. DOLORES</i>	<i>76988577-X</i>
2	<i>GOBERNA TRIGO, PATRICIA</i>	<i>36112395-A</i>
3	<i>GABRIELI, ANNA MARÍA</i>	<i>X3833964-W</i>
4	<i>OZORES LAGO, MA. LUISA</i>	<i>36060787-F</i>
5	<i>ALONSO GÓMEZ, BEATRIZ</i>	<i>36108355-B</i>
6	<i>GARCÍA MOLDES, MA. MILAGROSA</i>	<i>35553565-G</i>
7	<i>BLANCO VILLAR, MA. ISABEL</i>	<i>36100917-W</i>
8	<i>BLANCO VILLAR, BEATRIZ</i>	<i>36100916-R</i>
9	<i>PEÑIN GARCÍA, JOSEFA</i>	<i>36029165-X</i>
10	<i>AROCAS FERNÁNDEZ, MA. TERESA</i>	<i>36056989-G</i>
11	<i>CASTRO FERNÁNDEZ, LUCIANO JESÚS</i>	<i>36009855-C</i>
12	<i>MACEIRA SÁNCHEZ, MA. DEL PILAR</i>	<i>36059993-H</i>
13	<i>DAPENA CAMIÑA, MÓNICA</i>	<i>36132411-D</i>
14	<i>SOUTO MARIÑO, MA. CARMEN</i>	<i>36093648-R</i>
15	<i>MARTÍNEZ SUÁREZ, ISABEL</i>	<i>36131307-D</i>

O que se comunica á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(745).- CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2006 NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 3719/077.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.06.06 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do 23.05.06, conformado pola concelleira de dito servizo e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2006 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS, no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, que de seguido se transcriben, e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Aprobar a disposición total de 120.000 € (CENTO VINTE MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida presupuestaria 3220 470 00 00 "Programas de axudas á inserción laboral".

*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2006 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á
CREACIÓN DE EMPRESAS*

Base 1ª - OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1- Finalidade*
- 2- Beneficiarias/os*
- 3- Requisitos xerais*
- 4- Tipos e contías das axudas*
- 5- Criterios de avaliación*
- 6- Alteración das condicións de concesión das axudas*

Base 2ª - EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª - COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 1- Instrución e tramitación das axudas*
- 2- Comisión de Valoración*

Base 4ª - SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Base 5ª - CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª - PUBLICIDADE

*Base 7ª - REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME DE INFRACCIÓNS E
SANCIÓNS*

Base 8ª - *NORMATIVA SUPLETORIA*

Base 9ª - *DISPOSICIÓN ADICIONAIS*

Base 10ª - *DISPOSICIÓN FINAL*

ANEXOS

- ANEXO I – *Impreso de solicitude das axudas*
- ANEXO Ibis – *Documentación para presentar*
- ANEXO II – *Ficha de solicitude de transferencia bancaria*
- ANEXO III – *Declaración xurada das axudas solicitadas ou percibidas*
- ANEXO IV – *Declaración de aceptación das actuacións de comprobación e seguimento*
- ANEXO V – *Memoria xustificativa do proxecto empresarial*
- ANEXO VI – *Declaración de non estar incurso na prohibición para obter a condición de beneficiaria/o de axudas*
- ANEXO VII – *Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego*
- ANEXO VIII – *Delimitación Casco Vello (área P.E.P.R.I.)*

Base 1ª. *OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN*

1. *Finalidade*

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases que regulan, para o ano 2006, a concesión de axudas municipais para o fomento da creación de empresas no ámbito do Concello de Vigo. Este programa de axudas enmárcase no Plan municipal de emprego 2004–2007 que o Concello de Vigo pon en marcha, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na loita contra o desemprego e deste xeito apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais, xeradores de emprego.

2. *Beneficiarios/as*

Poderán acollerse a estas axudas as/os empresarios individuais e as pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, constituídos no período comprendido entre o 1 de xuño de 2005 e o 31 de maio de 2006. Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 70/2001, do 12 de xaneiro.

3. *Requisitos xerais*

- *Desenvolver a actividade e ter o seu enderezo fiscal e social en Vigo.*
- *Estar en situación de desemprego e crear o seu propio posto de traballo, por conta propia, en calquera das formas xurídicas existentes sempre e cando se cumpra cando menos un dos dous seguintes requisitos :*
 1. *Pertenza a un dos dous colectivos seguintes (no caso de seren varios promotores/as, todo/a socio traballador debe estar desempregado, e cando menos un debe cumprir algún dos seguintes requisitos):*
 - *Muller.*
 - *Persoa discapacitada.*
 2. *Que a empresa estea emprazada na zona de delimitación da área P.E.P.R.I. Casco Vello (conforme o establecido no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello de Vigo) (Anexo VIII)*

- *Ser viable técnica, económica e financeiramente.*
- *Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin co Concello de Vigo.*
- *Que non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos doce meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.*
- *Non ter sido beneficiario ou beneficiaria das “Axudas municipais do Concello de Vigo á creación de empresas” en anteriores convocatorias.*

4. Tipo e contías das axudas

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000 € e non poderá superar os límites que estas bases establecen para cada un dos conceptos considerados obxecto de subvención, nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores e promotoras.

Cando a empresa beneficiaria estea constituída por persoas vítimas da violencia doméstica (como mínimo debe ter unha/un socio traballador vítima da violencia doméstica), o importe de subvención terá un incremento de 500 €, sendo o único caso no que se poderá superar a contía máxima da axuda indicada no parágrafo anterior. Deste xeito preténdese dar un apoio a estes colectivos, que teñen maiores dificultades na súa incorporación ao mundo laboral.

Os gastos que poderán ser subvencionables, correspondentes aos tres primeiros meses de inicio da actividade, son esencialmente os seguintes:

a) Existencias iniciais de mercadorías

Inclúe a adquisición de primeiras compras de mercadorías, ademais das compras de materias primas e outros consumibles utilizados no proceso de produción durante os primeiros tres meses de actividade.

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante os primeiros tres meses de actividade, cun tope de 1.500 €.

b) Gastos de arrendamento de locais

A axuda máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante os primeiros tres meses de actividade, cun tope de 1.800 €.

c) Primas de seguros

Serán subvencionables os gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. A subvención máxima neste apartado será do 50% da contía total no conxunto de primas, cun tope de 400 €.

d) Subministracións e gastos correntes

Son subvencionables os seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

D1- auga

D2- teléfono

D3- electricidade

D4- gasóleo / gasolina

D5- material de oficina

A subvención máxima por este concepto será do 50% dos gastos efectuados durante os primeiros tres meses de actividade, cun tope de 900 €.

e) Gastos de constitución e apertura

Serán susceptibles de bonificación no 50%, e cun máximo de 800 €, aqueles gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa, tales como:

- E1- visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos*
- E2- licenza de obra e licenza de apertura*
- E3- alta no Rexistro Mercantil*
- E4- certificación negativa do nome da sociedade*
- E5- honorarios de notaría por escrituras públicas*

f) Dereitos de propiedade industrial

Son subvencionables no 50%, e cun máximo de 200 €, os seguintes gastos de rexistro de :

- F1- patentes*
- F2- modelos de utilidade*
- F3- deseño industrial*
- F4- marcas de produtos ou servizos*
- F5- nomes comerciais*

Quedan excluídos destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

5. Criterios de avaliación

A concesión de axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

- 1. Emprendedoras/es incluídos na base de datos do Servizo de Asesoramento a Emprendedores/as (SAE) (Ata 10 puntos).*
- 2. Que a persoa/s promotoras ou traballadoras contratadas participen ou tivesen participado nalgunha actividade de fomento do emprego do Concello de Vigo (Ata 10 puntos).*
- 3. A situación social do colectivo beneficiario indicado no punto 3 da Base 1ª (Ata 10 puntos).*
- 4. Número e grao de estabilidade dos postos de traballo creados (incluídos os dos propios promotores/as) (Ata 10 puntos).*
- 5. Antigüidade no desemprego dos/as promotoras e/ou dos/as contratados (Ata 10 puntos).*
- 6. Actividades emerxentes ou novos filóns de emprego (Anexo VII) (Ata 10 puntos).*
- 7. Non concorrencia con outras axudas ou subvencións (Ata 10 puntos).*
- 8. Que as persoas promotoras estean empadroadas no Concello de Vigo (Ata 10 puntos).*
- 9. Ter cursado programas formativos relacionados coa actividade empresarial e/ou coa xestión empresarial (Ata 10 puntos)*

Todas as solicitudes que non acaden a puntuación mínima por riba da cal se concederán as axudas, unha vez aplicados os criterios e ata esgotar o presuposto dispoñible, serán desestimadas.

6. Alteración das condicións de concesión das axudas

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de tres anos. A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar as comprobacións que

estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellaría de Desenvolvemento e Emprego no prazo dun mes dende a súa modificación.

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais e internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total das accións subvencionadas.*
- b) Cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “mínimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 100.000 € nun período de tres anos para o mesmo/a beneficiaria.*

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

1. Instrución e tramitación das axudas

- O procedemento ordinario para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.*
- A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, tras o informe da Comisión de Valoración, proporalle a concesión e denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.*
- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo seralles notificado a todos/as os solicitantes.*

2. Comisión de Valoración

Existirá unha Comisión de Valoración, que estará composta por:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.*
- Xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario.*
- A coordinadora do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE)*
- Unha técnica do SAE, nomeada pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.*

A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, tamén levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Base 4ª. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (anexo I e anexo I bis), presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

As solicitudes dirixiranse á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e deberán ir acompañadas de toda a seguinte documentación (por duplicado, un deles orixinal ou copia compulsada):

- *No caso de persoas xurídicas, DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade da/o representante que asina a solicitude.*
- *DNI e acreditación do NIF, se quen solicita é empresario/a individual, ou CIF, cando se trate de persoas xurídicas.*
- *Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso de sociedade, acompañada de copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.*
- *Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios traballadores.*
- *No caso de que se xustifique contratación estable:*
 - *DNI e vida laboral das persoas traballadoras contratadas.*
 - *Contrato/s de traballo, no/s que deberá figurar que ten finalizado o período de proba fixado no contrato ou, no caso de non constar, o que regule o Texto refundido do Estatuto dos traballadores, rexistrado/s na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego.*
 - *Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras.*
- *Solicitude de licenza de apertura e licenza de obras, cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.*
- *Copia compulsada das facturas do gasto para os que se solicitou a subvención.*
- *Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Seguridade Social, na Consellaría de Facenda e na AEAT da sociedade e de todas/os os socios.*
- *Ficha de solicitude de transferencia bancaria (anexo II).*
- *Declaración xurada das axudas solicitadas ou percibidas e das que se van solicitar para esta actividade en concreto (anexo III).*
- *Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación do Concello de Vigo que acorde a Comisión de Valoración (anexo IV).*
- *Memoria xustificativa do proxecto empresarial debidamente cuberta cunha previsión a 3 anos. (anexo V).*
- *Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario ou beneficiaria previstas no art. 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións (anexo VI).*
- *De ser o caso, certificado de participación en actividades de fomento do emprego do Concello de Vigo, ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.*
- *De ser o caso, certificado de discapacidade ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente, en grao total ou gran invalidez.*
- *De ser o caso, documentación que acredite a condición de vítima da violencia doméstica.*
- *De ser o caso, documento acreditativo dos programas formativos relacionados coa actividade empresarial e/ou coa xestión empresarial.*
- *Certificado ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.*

Toda solicitude que non inclúa a documentación esixida na base 4ª será requirida conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Obrigas e prazo

1. *O prazo de presentación de solicitudes irá dende a data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata o 31 de agosto de 2006.*
2. *A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego poderá esixirlles aos/as beneficiarias, previo ao pagamento da subvención, calquera outra documentación que considere oportuna para a xustificación do investimento ou outro punto relacionado coa actividade empresarial.*
3. *A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo.*

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.
2. O prazo para resolver será, como máximo, de tres meses dende o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase que é desestimatoria da concesión da axuda ou subvención, e poderase recorrer contra a dita resolución segundo o estipulado nos artigos 116 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ante a Xunta de Goberno Local.
3. Unha vez concedidas as axudas ou subvencións, faranse efectivas con pagamento único, condicionadas a que:
 - se produza e acredite a execución da actuación, coa presentación de facturas orixinais dos gastos obxecto da subvención na contía concedida.
 - Certificado actualizado de estar ao corrente nas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.

O prazo para a presentación desta documentación será de 15 días contado a partir da data na que se notifique a concesión das correspondentes axudas.

Base 6ª. PUBLICIDADE

Esta convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos xornais de maior tirada da cidade, e na paxina web <http://emprego.vigo.org>, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

A listaxe coas axudas concedidas pola Xunta de Goberno Local será publicada na páxina web <http://emprego.vigo.org>, e exposta no taboleiro de anuncios da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

As/os beneficiarios dos proxectos subvencionados a través desta convocatoria deberán pór no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Plan municipal de emprego do Concello de Vigo, xunto co escudo do Concello.

As bases reguladoras desta convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse nas dependencias de información do Concello de Vigo, e na Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

Base 7ª. REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. Procederá a revogación das axudas concedidas en caso de :
 - a) O incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como á obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación total ou parcial da subvención e á obriga de reintegro das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.
 - b) A non xustificación das axudas no prazo concedido.

2. *O/a beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, e deberá reintegrala, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de 15 días que contará dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*
3. *Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro 1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*

Base 8ª. NORMATIVA SUPLETORIA

No non previsto nas bases desta convocatoria estarase ao disposto nas seguintes normas supletorias e complementarias:

- Bases de execución dos presupostos municipais.*
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- Restante normativa aplicable.*

Base 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1. Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 3220 4700000 "Programas de axudas á inserción laboral" do presuposto municipal para o ano 2006, cun importe total de 120.000 €.

2. Segunda

A presente resolución e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "mínimis".

Base 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor a data seguinte a da súa aprobación en Xunta de Goberno Local. As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

12(746).- CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2006, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 3720/077.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.06.06 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do 23.05.06, conformado

pola concelleira de dito servizo e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2006 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN, no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, que de seguido se transcriben e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Aprobar a disposición total de 30.000,00 € (TRINTA MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 "Programas de axudas á inserción laboral".

INDICE

Bases:

- PRIMEIRA. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN*
- 1.1.Finalidade.*
 - 1.2.Características das empresas e entidades beneficiarias.*
 - 1.3.Requisitos.*
 - 1.4.Tipos e contías das axudas.*
 - 1.5.Obrigas.*
 - 1.6.Alteración das condicións de concesión das axudas.*
- SEGUNDA. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES*
- TERCEIRA. COMPETENCIA E PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DE AXUDAS*
- 3.1.Instrución e tramitación das axudas.*
 - 3.2.Comisión de valoración.*
- CUARTA. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN*
- QUINTA. PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS*
- SEXTA. XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO*
- SÉTIMA. REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO DE INFRACCIÓN E SANCIÓN*
- OITAVA. PUBLICIDADE*
- NOVENA. NORMATIVA SUPLETORIA*
- DÉCIMA. DISPOSICIÓN FINAL*

Anexos:

ANEXO I	SOLICITUDE.
ANEXO I BIS	DOCUMENTACIÓN PARA XUNTAR COA SOLICITUDE.
ANEXO II	FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA.
ANEXO III	DECLARACIÓN XURADA NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS.
ANEXO IV	DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN E SEGUIMIENTO.
ANEXO V	DECLARACIÓN DE PODER OBTTER A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A DE AXUDAS.
ANEXO VI	SOLICITUDES DE TRABALLADORES/AS.
ANEXO VII	DELIMITACIÓN CASCO VELLO (AREA P.E.P.R.I.)

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO ANO 2006 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN

INTRODUCCIÓN

O Plan municipal de emprego 2004-2007, promovido pola concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego foi aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión do día 26 de xaneiro de 2004, representa o marco de actuación municipal para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial. No conxunto de accións que configuran o plan, dentro dos programas de apoio á inserción laboral, atópase o “Programa de axudas municipais á contratación.”

BASE 1ª: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases que regulan a concesión de axudas municipais a empresas e entidades distintas da administración pública para o fomento da contratación de persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

No caso de persoas discapacitadas teranse tamén en conta as derivacións doutras entidades de recoñecida solvencia no traballo con ese colectivo.

A concesión e contía das axudas dependerá (sempre que se cumpran os requisitos establecidos), dos seguintes criterios:

- 1. Características e número de persoas contratadas (ata 10 pts)*
- 2. Duración (ata 10 pts)*

Todas as solicitudes que non acaden a puntuación mínima por riba da cal se concederán as axudas, unha vez aplicados os criterios e ata esgotar presuposto dispoñible, serán desestimadas.

As subvencións establecidas nas presentes bases poderán afectar ás contratacións que, reunindo os requisitos establecidos nas presentes bases, se formalicen no período comprendido entre o 16 de setembro de 2005 e o 15 de setembro de 2006.

1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias

Empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública, que contraten a persoas desempregadas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e que posúan ademais algunha destas condicións ou características: Muller, discapacidade ou ubicación do posto de traballo no Casco Vello de Vigo (Área P.E.P.R.I.) (Ver ANEXO VII). No caso de persoas discapacitadas, poderáanse ter en conta tamén as derivacións doutras entidades de recoñecida solvencia no traballo con ese colectivo.

1.3. Requisitos

1.3.1. A contratación ten que supoñer un aumento do cadro de persoal da empresa, en termos netos e que este aumento se manteña, cando menos, durante o tempo de vixencia do contrato obxecto da subvención.

1.3.2. Non ter recibido ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social)

1.3.3. As persoas que se contratarán deben ser persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego. Para solicitar candidatos/as de ser preciso por parte da empresa potencialmente beneficiaria, deberase utilizar o modelo normalizado que se achega nestas bases (Anexo VI)

1.4. Tipos e Contías das axudas

-Axudas á contratación temporal a xornada completa

Contratos iniciais coas seguintes características:

BENEFICIARIOS-AS	CONTRATO: 6 MESES	CONTRATO: 1 ANO OU MÁIS
<ul style="list-style-type: none">MulleresDiscapacitados/asPosto de traballo no Casco Vello	750,00 €	3.000,00 €
<ul style="list-style-type: none">PLUS VITIMA VIOLENCIA DOMÉSTICA	250,00 €	500,00 €
IMPORTE TOTAL	1.000,00 €	3.500,00 €

-Axudas á contratación temporal a xornada parcial

Neste caso, o importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato (tanto para os de duración mínima de seis meses coma para os dun ano).

Nos contratos temporais a xornada parcial o incremento da contía da subvención por pertencer a un colectivo de persoas con dificultades de acceso ao mundo laboral será proporcional á xornada de traballo.

1.4.1. O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 8.000,00 € , agás naqueles casos nos que a Comisión de Valoración estime oportuno ampliar dito tope, pola importancia e repercusión da solicitude.

1.4.2. As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, na aplicación orzamentaria 32204700000- “Programa de axudas á inserción laboral “ por un importe de 30.000,00 €

1.5.Obrigas

1. Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.

2. Non atoparse en situación de suspensión de pagamentos ou quebra e, así mesmo, que nos tres últimos anos non amortizaran postos de traballo por despedimento declarado improcedente, expediente de regulación de emprego ou por causa prevista no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores.

3. Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

4. Manter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, acollerse ás condicións do apartado 1.6.

5. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

6. O cómputo global do seu cadro de persoal deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

7. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración reguladora das subvencións obxecto das bases.

1.6.Alteración das condicións de concesión das axudas.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, con independencia da causa, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, terá que facerse dentro dos trinta días naturais seguintes ao da baixa, e por un período de tempo equivalente ao que resta para a finalización do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria devolverá a axuda concedida segundo o estipulado na base 7ª. A nova persoa contratada deberá ser beneficiaria das accións ou programas municipais de emprego da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que contará dende a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación. Neste caso terá que achegar a seguinte documentación:

-Comunicación por escrito onde conste a causa da extinción contractual.

-Baixa da persoa contratada inicialmente.

-Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social

-Contrato de traballo da nova persoa traballadora suscrito na correspondente oficina do

Servizo Público de Emprego.

BASE 2ª : EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

-Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade.

-Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de formento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

-Os contratos realizados con calquera dos/as participantes incluídos/as no mínimo comprometido no convenio de colaboración que se asine entre o Concello de Vigo e as empresas colaboradoras do “Programa de formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego.

BASE 3ª: COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrución e tramitación das axudas

O procedemento ordinario para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será notificado a todos/as os/as solicitantes.

3.2. Comisión de valoración

Estará composta polos seguintes membros:

- A concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local
- O xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego
- A coordinadora do Servizo de Orientación Laboral
- Un técnico/a da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeado/a pola concelleira.

Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade da concelleira, que será resolutivo. O xefe do Servizo actuará como secretario. A Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas; poderá requirirlle á empresa beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

BASE 4ª: SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes achegaranse, segundo modelo establecido no Anexo I, ao Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego ao “Programa de axudas municipais á contratación”, inescusablemente xunto coa totalidade da seguinte documentación, por duplicado, dos que un deles será orixinal ou copia compulsada, segundo consta no Anexo I bis:

Documentación relativa á empresa:

-DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas (neste caso achegar DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude).

-Alta no IAE da empresa que solicita a axuda e, no caso de sociedades xa constituídas, copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. E de ser o caso_resolución da exención do IAE.

-Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).

-Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.

-Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo III).

-Declaración pola que se expresa a aceptación das actuacións de comprobación e seguimento que acorde a Comisión de Valoración (Anexo IV).

-Últimos TC1 (liquidado) e TC2 inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa.

-Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a prevista no art. 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (Anexo V).

Documentación relativa a cada traballador/a

-DNI das persoas traballadoras obxecto de contratación.

-Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención actualizado e expedido pola TXS con data posterior á de inicio do contrato obxecto da subvención.

-Contrato de traballo, rexistrado na oficina do Servizo Público de Emprego.

-Certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente en grao total ou gran invalidez (de ser a persoa contratada discapacitada) ou certificado dos períodos de inscrición como demandante de emprego (de ser a persoa contratada parada de longa duración)

-No caso de persoas vítimas de violencia doméstica o Servizo de Orientación Laboral acreditará a súa situación mediante os informes pertinentes.

O prazo de presentación irá dende a data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra ata o día 15 de setembro de 2006.

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución baseada nos criterios establecidos no punto 1.1. da base 1ª.

Toda solicitude que non inclúa algunha documentación esixida na base 4ª, seralle requirida ao solicitante conforme ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 do RXPAC.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

BASE 5ª: PRAZO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O prazo para resolver por parte da Xunta de Goberno Local será de tres meses dende a data de remate da presentación de solicitudes (15 de setembro de 2006) no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que dite resolución expresa, entenderase que é desestimatoria da concesión da axuda ou subvención, e poderase recorrer contra dita resolución seguindo o estipulado nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativos común, modificado pola Lei 4/1999, ante a Xunta de Goberno Local.

O acordo de concesión destas axudas seralles notificado aos solicitantes no prazo de 15 días naturais dende o momento no que aquel se produce.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionado á presentación no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 15 días naturais dende a recepción da notificación, da seguinte documentación:

- Xustificante de alta na Seguridade Social da persoa contratada.
- Documentación acreditativa da vixencia do contrato (Vida laboral ou xustificante de baixa na Seguridade Social)
- Último TC2 no que figure a persoa pola que se percibe a axuda correspondente.

BASE 6ª: XUSTIFICANTE DO PAGAMENTO

A obriga da empresa beneficiaria é cumprir a finalidade pola que se lle concedeu a subvención, así como a aplicación dos fondos percibidos. Neste senso, segundo o estipulado no artigo 32 da Lei 38/2003 de 17 de novembro sobre axudas e subvencións públicas, a empresa beneficiaria no prazo dun mes dende a finalización do contrato obxecto de subvención ten a obriga de xustificar o anterior, mediante a presentación da documentación que requira a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, co obxecto de comprobar o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

BASE 7ª: REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.-Procederá a revogación das axudas concedidas no caso de:

- a) O incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatibles dará lugar a revogación total ou parcial da subvención e a obriga de reintegro das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.
- b) A non xustificación das axudas no prazo concedido.

2.-O/A beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando de ser o caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de quince días que contará dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario anularase por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.

3.-Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.

BASE 8ª: PUBLICIDADE

As bases reguladoras desta convocatoria, e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, na páxina web <http://emprego.vigo.org>, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

Esta convocatoria para o ano 2006 do “Programa de axudas municipais á contratación”, como un dos incentivos de fomento ao emprego, enmarcado dentro do Plan municipal de emprego do Concello de Vigo, publicarase no BOP, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web <http://emprego.vigo.org>, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

A listaxe coas axudas concedidas pola Xunta de Goberno Local será publicado na páxina web <http://emprego.vigo.org>, e exposto no taboleiro de anuncios da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego.

BASE 9ª: NORMATIVA SUPLETORIA

No non previsto nas bases desta convocatoria estarase ao disposto nas seguintes normas supletorias e complementarias:

- Bases de execución dos presupostos municipais.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Restante normativa aplicable.

BASE 10ª: DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación na Xunta de Goberno Local. As solicitudes correspondentes poderán presentarse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

13(747).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA DE GASTOS A FAVOR DA EMPRESA IMES, S.A. POLO MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO MESES XANEIRO/ABRIL. EXPTE. 11.643/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral, do 13.06.06, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro Industrial municipal, do 6.06.06, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer unha indemnización substitutiva de gastos a favor da empresa Imes S.A. por un importe de 368.532,37 € (trescentos sesenta e oito mil cincocentos trinta e dous euros con trinta e sete

céntimos), polos servizos prestados de mantemento das instalación de alumado público durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2006.

14(748).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DA OBRA “NENO XOGANDO” DE LAXEIRO PARA A EXPOSICIÓN “DO PRIMITIVO NA ARTE GALEGA ATA LUIS SEOANE. PROCESOS DE CREACIÓN ARTÍSTICA E DE IDENTIDADE NACIONAL”. EXPTE. 2095/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director en funcións do Museo municipal “Quiñones de León”, do 9.06.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e Presidente do Padroado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á Fundación Luís Seoane, con CIF G-15568199 o préstamo temporal, dende o 15 de setembro ao 31 de decembro de 2006, da obra “*Neno xogando*”. *Laxeiro; nº inventario 215*, pertencente á colección de arte galega do museo, co fin de mostrala na exposición “*Do primitivo na arte galega ata Luís Seoane. Procesos de creación artística e de identidade nacional*”, a celebrar do 5 de outubro ao 10 de decembro de 2006 na Fundación Luís Seoane da Coruña, conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ó padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

15(749).- PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONTRATACIÓN DUN DISPOSITIVO DE INFANCIA E FAMILIA. EXPTE. 13365/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.06.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 29.05.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, a delegada da Área de Benestar Social e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 500000 euros/ano euros para a contratación da asistencia técnica do dispositivo de atención a infancia e a familia que se imputarán á partida presupuestaria 313.0.226.08.06 do vixente presuposto e sucesivos.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), de data 28.05.06, e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica do dispositivo de atención a infancia e a familia, de data 12.05.06.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

16(750).-PREGO DE CONDICIÓNNS PARA A CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA DA XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 1883/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.06.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 23.05.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro da Area de Festas e Animación Sociocultural e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 112.791,52 euros para a contratación da asistencia técnica da xestión das ensinanzas da escola municipal de Danza que se imputarán á partida presupuestaria 451.2.227.086.01 do vixente presuposto e o dos anos 2007 e 2008.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), de 23.05.06, e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica de xestión das ensinanzas da escola municipal de Danza, de 31.03.06.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

17(751).-ADXUDICACIÓN ASISTENCIA TÉCNICA PARA A CONTRATACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA. EXPTE. 47786/250.

A Xunta de Goberno local retira o expediente para mellor estudio.

18(752).-SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA. SECUNDINO PONTE, S.L. EXPTE. 1288/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 8.06.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Secundino Ponte S.L. a fianza de 500,71 € constituída para responder da Suvministración de cascos para a Policía Local xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

19(753).-RECLAMACIÓN DE D. JOSE ANTONIO SILVA ALVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA. EXPTE. 30/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 30.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e co intervido e conforme do interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don José Antonio Silva Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 08 de xaneiro de 2004, no que expón que o día 5 de xaneiro de 2004, mentres asistía cos seus netos a cabalgata de Reis na rúa Camelias, á altura do número 84, foi alcanzado por un caramelo lanzado desde unha carroza, rompéndose un cristal dos seus anteollos.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Festas e Animación sociocultural, con data 06/05/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados, ó non constaren no parte de incidencias da comisión colaboradora das festas nin nos da Policía Local, Bombeiros, Protección civil e Cruz Vermella.*
- Práctica de proba testifical, con data 23/03/2006, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os extremos alegados polo Sr. Silva, aínda que non é capaz de precisar de onde veu lanzado o caramelo que impactou contra as súas lentes.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 17/04/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

A doutrina xurisprudencial elaborada pola Sala Terceira do Tribunal Supremo establece que a responsabilidade patrimonial da Administración configúrase como unha responsabilidade obxectiva ou polo resultado, na que é indiferente que a actuación administrativa teña sido normal ou anormal, bastando para declarala que, como consecuencia directa de aquela, téñase producido un dano efectivo, avaliábel economicamente e individualizado (entre outras, SSTS de 28 de febreiro e 1 de abril de 1995, de 22 de xuño de 1999). Así mesmo, en STS de 24 de outubro de 2000 recorda, con cita das de 26 de febreiro e 2 de abril de 1985, que “para apreciar a responsabilidade obxectiva, non se require outro requisito que a relación de causalidade entre o acto e o dano, prescindindo en absoluto da licitude ou ilicitude da actuación da Administración autora do dano, sempre que a

actuación lícita ou ilícita da Administración se produza dentro das súas funcións propias”. Segundo esta doutrina o establecer o ordenamento unha responsabilidade de carácter obxectivo, posto que admite como presuposto tanto o funcionamento normal como o normal da actividade administrativa, non é preciso que concorran factores subxetivos de culpabilidade. O título de atribución concorre, así, cando se aprecia que o suxeito prexudicado non tiña o deber xurídico de soportar o dano. A Lei 30/1992 plasma normativamente este requisito ó establecer no seu artigo 141.1 que “Só serán indemnizábeis as lesións producidas ó particular provenientes de danos que éste non teña o deber xurídico de soportar de acordo coa Lei [...]”.

Da instrución practicada dedúcese que concorren no presente caso todos os requisitos esixidos legalmente para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial desta Administración. Así, constatada pola proba testifical practicada a realidade do dano e maila súa cuantificación económica coa factura da lente roua presentada polo Sr. Silva, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Dado que é o Concello o encargado da organización da cabalgata de reis, a informante conclúe que existe un claro nexa causal entre o accidente e o funcionamento do servizo público local, e que esta Administración deberá responder dos danos causados ó reclamante.

En virtude do exposto, en uso das atribucións que lle confire á lexislación vixente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Antonio Silva Álvarez e indemnizalo coa cantidade de 128,80 euros correspondente ó valor de reposición da lente danada por mor do accidente que motiva esta reclamación”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(754).- RECLAMACIÓN DE D^a ARACELI CORA ROEL DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. ESTIMADA PARCIALMENTE. EXPTE. 326/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 8.06.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e co intervido e conforme do interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Araceli Cora Roel presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de setembro de 2004, no que expón que o día 28 de xaneiro do mesmo ano, mentres camiñaba pola rúa Badajoz, á altura do número 13, sufriu unha caída por mor do oco dunha baldosa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 12/11/2004, manifestando que a zona en mal estado era visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida.*

- Parte do servizo da Policía Local, de data 28/01/2004, no que os axentes actuantes, unha vez persoados no lugar dos feitos, recollen as manifestacións da Sra. Cora sobre o ite do accidente e constatan a falla dunha louseta.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 31/01/05, que cuantifica os mesmos en 5.833,89 euros.
- Práctica de proba testifical, en data 14/04/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Cora.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que efectúa alegacións en data 19/04/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia non entraña un risco especial para os viandantes, xa que é perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulacón, tal e como se desprende do informe do Servizo de Vías e Obras. Ademais, a Sra. Cora, reside na rúa na que aconteceu o accidente, polo que é de supór que coñecía perfectamente o estado da beirarrúa. No entanto, aínda que a negligencia da vítima interferiu no nexo causal co seu defectuoso control da propia deambulacón, se temos en conta

que a testemuña presencial dos feitos, na súa declaración, relata que no momento en que aconteceu a caída a Sra. Cora levaba dúas bolsas da compra, o que nos leva a supór que, dada a idade da vítima, 72 anos, o dato de que a beirarrúa é estreita, e o feito de que ía cargada, estas circunstancias puideron dificultar a súa percepción do obstáculo, polo que a informante conclúe que se dá neste suposto unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración.

Ademais dos danos persoais, a Sra. Cora reclama o reintegro de determinados gastos de desprazamento, en xustificación dos cales achega facturas de taxi e billetes de autobús, nalgunha das cales non consta o cliente que solicita o servizo e tampouco está probado que os desprazamentos ós que corresponden tñanse realizado por desprazamentos impostos pola súa enfermidade, polo que non procede o seu aboamento.

En trámite de audiencia, a reclamante manifesta a súa disconformidade coa valoración dos danos persoais efectuada polo Dr. Guillén, da asesoría médica do Concello polas seguintes razóns: que non a examinou persoalmente nin examinou as probas que se lle realizaron, baseándose para emitir o informe no ditame pericial do Dr. Amich achegado por ela. Dado que a Sra. Cora non achega máis documentación médica que o informe de asistencia en urxencias o día do accidente, o Dr. Guillén, para realizar a valoración das lesións, non se basea no informe do perito citado senón que ten en conta o período normal de curación da lesión padecida segundo a idade da vítima, fractura de colles, engadindo o período de incapacidade temporal a secuela de muñeca dolorosa, que non se terá en conta por non ter presentado a parte un informe médico que xustifique a persistencia desta secuela á data de alta.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Araceli Cora Roel, e indemnizála coa cantidade de 2.114,16 euros en concepto de danos e perdas derivados do accidente sufrido na vía pública”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(755).-RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ A. BESADA BERNÁRDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMAR. EXPTE. 332/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 7.06.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José A. Besada Bernárdez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de setembro de 2004, no que expón que o día 15 de agosto do mesmo ano, mentres estacionaba o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-3765-AV, na rúa de baixada existente entre o Cash Record e o centro comercial Carrefour, reventou unha roda ó golpear contra o bordo da beirarrúa.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 17/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobaban que os bordos da beirarrúa no camiño Troncal eran de pedra, cos cantos sen pulir, mais estiman que non causarían perigo, salvo que se pretendese subir á beirarrúa; así mesmo, indican que non se permitía o estacionamento no lugar onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do Parque Móbil, de 16/12/2004, comunicando que os prezos contidos na factura nº 0414201169 de Talleres autodisco, presentada polo reclamante, por un importe de 146,54 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Práctica de proba testifical, con data 22/02/2005, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os feitos alegados polo Sr. Bernárdez.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 22/02/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos automobilistas nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos mesmos, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo conductor e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto o accidente prodúcese durante a manobra de estacionamento do vehículo. Segundo o Parte do servizo da Policía Local aínda que o bordo da beirarrúa é de pedra cos cantos sen pulir “no causan peligro salvo que se pretenda subir a la acera”, polo que é de supór que para rachar a roda co bordo da beirarrúa o Sr. Besada tivo que subir o vehículo a beirarrúa ó realizar a manobra. Ademais, no lugar onde estacionou o vehículo o

reclamante non estaba permitido estacionar polo que estaba infrinxindo o artigo 39 do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial. Á vista destes datos, a informante conclúe que a negligencia do conductor do vehículo, interferiu no nexo causal, impedindo imputar o dano padecido a esta Administración, non existindo, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José A. Besada Bernárdez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non existir relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(756).-RECLAMACIÓN DE D. DANIEL ARAUJO MARIÑO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMAR. EXPTE. 323/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 30.05.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Daniel Araújo Mariño presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de setembro de 2004 no que expón que o día 28 de xullo de 2004, ó estacionar o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-7667-BT, na rúa Rosalía de Castro, á altura do número 52, colisionou co bolardo de aparcamento que se atopaba deteriorado, causándose danos materiais no vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 25/11/2004, manifestando que o bolardo servía de abeiro ós colectores de lixo, sendo visíbeis e evitábeis gardando a dilixencia debida, atopándose fóra da zona de rodadura.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 02/12/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 17/01/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por

estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor, dado que o reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos, dirixiuse á Policía Local, por se tivesen contancia dos feitos.

O Sr. Araújo, como proba dos supostos danos, limítase a achegar ó expediente unha factura de reparación do seu vehículo, de data 22/11/2004, posterior en máis de dos meses á sinalada como data do accidente, que proba que este, na data da reparación presentaba determinados danos, pero que non vincula en modo ningún estos co funcionamento de ningún servizo público municipal.

Hemos de concluír, que se ben non existe dúbida de que o reclamante sufriu danos no seu vehículo, pola contra, non existe proba ningunha que permita vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Daniel Araújo Mariño por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(757.- RECLAMACIÓN DE D. DAVID PUJALES LORENZO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMAR. EXPTE. 305/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 7.06.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. David Pujales Lorenzo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de agosto de 2004, no que expón que o día 20 de agosto de 2004, mentres conducía o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-6113-BT, pola rúa Ronda de Don Bosco, debido ó mal estado do firme reventoulle unha roda.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 20/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a existencia dunha reixa rota e os danos existentes no vehículo do Sr. Pujales.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/09/2004, manifestando que o accidente produciuse nun alcorque que carecía de árbore da rúa Velázquez Moreno.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 10/11/2004, no que indican que o problema era de execución da obra de urbanización da rúa, debendo dirixirse a reclamación ó contratista das devanditas obras.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 18/11/2004, manifestando que a empresa contratista foi Movexvial, que a data de recepción das obras foi o 22/01/2004 e que os alcorques están fóra da calzada polo que o vehículo tivo que invadir a zona de circulación de peóns.*
- Informe do Parque Móbil, de 24/11/2005, comunicando que os prezos contidos na factura de Talleres Escapes Vigo, presentado polo reclamante, por un importe de 123,56 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacuase trámite de audiencia á contratista Movexvial, que formula alegacións en data 11/01/2005.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 18/02/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*

- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos automovilistas nas condicións de seguridade das vías polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos mesmos, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo conductor e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto o accidente prodúcese ó pasar o vehículo por enriba dun alcorque que carece de árbore, situado fóra da zona de rodadura dos vehículos, en zona peonil. Segundo o informe do Servizo de Vías e Obras, de data 18/11/2004 “Los alcorques están fuera de la calzada, la calzada está delimitada por una rigola de distinto color, por lo que el coche circulaba por la zona peatonal, provocando daños en el pavimento de la acera, así como en el alcorque, daños que se aprecian en la fotografía”. O artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, impón a obriga ós condutores de automóveis, salvo que sexan coches de minusválidos, de circular pola calzada e non pola beiravía, salvo por razóns de emerxencia, detallándose no artigo 15 os supostos en que é posíbel circular pola beiravía, ningún dos cales concorre no presente suposto, en que o condutor non circulaba pola beiravía, senón pola beirarrúa. Á vista deste dato, a informante conclúe que a negligencia do condutor do vehículo interferiu no nexo causal, impedindo imputar o dano padecido a esta Administración, non existindo, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. David Pujales Lorenzo por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non existir relación de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(758).-RECLAMACIÓN DE D. FERNANDO VALEIRAS SOTELO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DESESTIMAR. EXPTE. 147/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 8.06.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

D. Fernando Valeiras Sotelo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de xuño de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 3 de abril de 2006, na que se ten por desestimada a reclamación de responsabilidade patrimonial por el formulada, en data 21/04/2004, polos danos físicos ocasionados por unha caída este mesmo día ocorrida no calello O Viso.

A devandita resolución foi notificada ó reclamante en data 3 de maio de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os tera dictado, fixando o artigo 117 da mesma lei o prazo para a súa interposición en un mes, se o acto fose expreso.

O cómputo dos prazos fixados por meses, computaránse, por imperativo do artigo 48 LRJAP, a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate. No suposto de referencia, dado que a resolución foi notificada o 3 de maio de 2006, o prazo comezou en 4 de maio de 2006 e finalizou en 3 de xuño do mesmo ano, consonte a doutrina do Tribunal Supremo (SSTS de 25.10.1995 e 24.03.1999 entre outras) segundo a cal, co fin de que non se compute dúas veces unha mesma data, o prazo cóntase dende o día seguinte a notificación da resolución que se recorre, e termina o día no que se cumpre o mes, pero contado dende a mesma data da notificación; polo que, neste caso, a presentación da solicitude de recurso de reposición con data 5 de xuño de 2006 resulta claramente extemporánea.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Fernando Valeiras Sotelo con data 05/06/2006, por tratarse dunha solicitude extemporánea ó ser presentada fóra do prazo previsto no artigo 117 da Lei 30/1992”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(759).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE “ASTILLERIOS CARDAMA S.A.” POR VARADERO E MANTEMENTO BÁSICO DO BUQUE MUNICIPAL “BERNARDO ALFAGEME”. XULLO-DECEMBRO 2005. EXPTE. 3362/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 26.05.06 e o informe de Intervención Xeral do 8.06.06, e de acordo coa proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 3.05.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- A indemnización substitutiva por importe de 34.000 euros a favor da empresa “FRANCISCO CARDAMA, S.A.” (NIF A-36600849) polos traballos de estancia en varadero do buque municipal “BERNARDO ALFAGEME”, dende o mes de xullo a decembro do ano 2005 e traballos de mantemento básico do barco ata a adxudicación do contrato para a súa recuperación definitiva, segundo a súa factura nº 6027-06 do 01/04/2006, presentada no Rexistro Xeral na data do 28/04/2006 (nº doc. 60045557).

2º.- Imputalo ás partidas 4531.2130001 MANTEMENTO BUQUE BERNARDO ALFAGEME e 4531.2190000 REPARACIÓNS DO BUQUE BERNARDO ALFAGEME, do vixente orzamento prorrogado.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

26(760).- APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO DE MUSEALIZACIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 3415/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 12.06.06, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

O 30 de decembro de 2005, a Xunta de Goberno Local, á vista da Resolución de 20 de decembro de 2005 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e do informe de 27 de decembro de 2005 do arquitecto municipal, aprobou a modificación do proxecto arquitectónico de musealización da Villa Romana de Toralla, redactado polos arquitectos Fraga, Quijada, Portolés y Asdos., SL, aprobado en Comisión de Goberno de 10 de decembro de 2003, polo que se desenvolverá a 1ª fase do mesmo que consiste no acondicionamento do xacemento, incluíndo a plataforma e as pasarelas perimetrais, quedando excluída a 2ª fase que consistía na construción da edificación destinada a centro de interpretación e cafetería.

Asimesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2005, adxudicou as obras de execución do proxecto arquitectónico de musealización da Vila Romana de Toralla, 1ª fase (xacemento), á empresa Norvial, S.L., por importe de 159.206 euros.

Por Decreto de Alcaldía de 16 de marzo de 2006, noméase a D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS, como director técnico de ditas obras.

O Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, determina que cada contratista debe elaborar un plan de seguridade e saúde, e que nas obras das Administracións Públicas éste debe elevarse para a súa aprobación á Administración que adxudicou a obra.

En data de 5 de xuño de 2006, o director técnico das obras emite un informe de “Acta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde”, redactado polo contratista NORVIAL S.L. e que se acompaña ó referido informe, no que significa que “despois da análise do proxecto faise constancia da conformidade co mesmo”.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de execución do proxecto arquitectónico de musealización da Vila Romana de Toralla, 1ª fase (xacemento), redactado polo contratista, Norvial S.L., e informado favorablemente pola dirección técnica das obras en data 5 de xuño de 2006.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(761).-RENUNCIA DE BECARIAS ÁS BECAS DE FORMACIÓN EN PRÁCTICAS DA CONCELLERÍA DE TURISMO. EXPTE. 1926/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 13.06.06, conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Quedar enterada da renuncia voluntaria presentada por Dona Iria Costas Torreiro, Dona Patricia Miralles Peso, Dona Isabel Martínez Nieves, Dona Rocío Franco Rodríguez e Dona Antía Abalo Vila, ás bolsas de formación en prácticas da Concellería de Turismo o día 13 de xuño de 2006.

2º.- Quedar enterada de que os postos quedan vacantes por non existir máis titulares na lista de suplentes.

3º.- Dar traslado deste acordo á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal ós efectos oportunos.

28(762).-UE I-02 REGUEIRO. CAMBIO DO SISTEMA DE COMPENSACIÓN A CONCERTO E PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4649/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 12.06.06, que di o seguinte:

FEITOS

1.- *En data 27/06/2005 o Pleno municipal acordou:*

“PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do Polígono "UE-I-02-Regueiro", promovido pola entidade mercantil "Edificio Fontán SL.", e redactado polos arquitectos D. Borja Ramilo Méndez e D. José Luis Pereiro Alonso, visado polo COAG no 29/09/2004, con fixación do sistema de execución por compensación. -Expte. 8857/411-. (...).

TERCEIRO: Os propietarios do polígono deberán asumir-lo custe de conservación das zonas verdes. Tamén deberán constituír unha garantía polo 20% do presuposto da urbanización no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización.

Dito Acordo publicouse no DOG 152, do 09/08/2005 e nos BOP de Pontevedra do 16/08/2005 e 06/10/2005.

2.- No 03/01/2006 D. Alfredo Blanco López, en nome e representación da entidade mercantil “Edificio Fontán SL” presentou nesta Administración municipal un escrito no que solicitou a execución do citado polígono polo sistema de concerto (propietario único) así como a substitución do aproveitamento lucrativo municipal polo seu equivalente económico.

No 16/01/2006 D. José Alonso Rodríguez, en representación de “Grupo Espavene SL” interpuxo un escrito na Xerencia de Urbanismo comunicando a súa titularidade sobre unha parcela no devandito polígono (finca rexistral 76.857) así como que, polo tanto, non se pode considerar de “propietario único”. Achegou a efectos acreditativos copia de escritura pública outorgada no 15/03/2004 polo notario de Vigo D. José Pedro Riol López co núm. 805 do seu protocolo.

Previa petición do Concello, no 17/01/2006 o Rexistro da Propiedade núm. 5 de Vigo expediu nota informativa sobre a titularidade e descripción da devandita finca rexistral. Mediante oficio do 10/02/2006 comunicáronselle a “Edificio Fontán SL” os referidos antecedentes, concedéndoselle un trámite de audiencia polo prazo de 15 días.

No 06/04/2006 o representante de “Edificio Fontán SL” presentou un escrito na Xerencia de Urbanismo no que manifestou a adquisición da referida finca de “Grupo Espavene SL” mediante Escritura Pública de compravenda outorgada no 23/03/2006 perante o notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez co núm. 682 do seu protocolo. Tamén achegou un exemplar do proxecto de equidistribución para o seu informe polos técnicos municipais con carácter previo á súa formalización e exposición pública.

En data 02/05/2006 remitiúselle un Oficio a “Edificio Fontán SL” no que se lle requiriu a subsanación de certos extremos do proxecto de equidistribución. Tamén se lle comunicou a imposibilidade de substituír nese proxecto o aproveitamento municipal polo seu equivalente económico por imperativo do disposto no art. 177.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

No 31/05/2006 o representante da mercantil “Edificio Fontán SL” presentou nesta Administración municipal dous exemplares do Proxecto de Equidistribución correxido, formalizado en Escritura Pública no 27/05/2006 perante o notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez co núm. 1247 do seu protocolo.

No 09/06/2006 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe no que entroutros extremos fixo consta-lo seguinte:

“(…) O proxecto de equidistribución abarca unha superficie de 5.939,00 m², dos cales 672,00 m² son propiedade do Concello e 913,00 m² pertencen a viario existente, sendo o resto da superficie (4.354,00 m²) de propietario único. O ámbito dispon dunha edificabilidade de 6.599,14 m² construídos, cun coeficiente edificable de 1,313 m²/m² a situar nunha parcela de 1.798,00 m². A superficie destinada a cesión de zona verde pública é de 1.684,00 m², a destinada a cesión para equipamento de 374,00 m² e a cesión de viario urbanizado de nova apertura de 1.170,00 m². A edificabilidade correspondente ó Concello polas propiedades existentes no ámbito é de 882,34 m² construídos e pola cesión do 10% do aproveitamento é de 571,68 m² construídos e emprázase na única parcela

en proindiviso con outro propietario. En canto a existencia no ámbito de locais de negocios e vivendas, figura na memoria presentada a valoración dos dereitos de arrendamento de todas e cada unha.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nos arts. 150 e ss. da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto". Por outra banda, suprimiuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97. Quere elo dicir que coa nova lexislación, a aprobación do Proxecto de Compensación parece esixir en todo caso da previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA).

Neste suposto, dada a situación dominical das fincas preexistentes resulta axeitada e incluso recomendable a incoación dun procedemento de cambio de sistema, de compensación a concerto, considerándose á pertenza das fincas iniciais a un único propietario. Elo permitiría aproba-lo proxecto de equidistribución do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.

II.- O procedemento de modificación do sistema de actuación regúlase no art. 127.2 LOUGA, requirindo dunha aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local, información pública por 20 días con publicación de anuncio no BOP e aprobación definitiva pola Xunta de Goberno.

Do mesmo xeito, a tramitación do Proxecto de Equidistribución regúlase no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que:

"A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servicios municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva".

III.- Resulta posible acumula-lo procedemento de modificación do sistema de actuación co de aprobación do proxecto de equidistribución, tal e como preceptúa o art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC). Consecuentemente, pode abrirse un único trámite de información pública común para ambos procedementos.

IV.- No que se refire á solicitude de monetarización e adquisición do aproveitamento municipal, resúltalle de aplicación o art. 177.2 LOUGA, modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro, no que se dispón que:

"O alleamento ou permuta dos bens do patrimonio público do solo da Administración autonómica ou local realizarase, por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico, mediante concurso público por procedemento aberto, na forma establecida na lexislación de contratación das administracións públicas (...)".

V.- Por outra banda, de conformidade co disposto no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 recóllese no proxecto de equidistribución, como carga real, a obriga de conservación das novas zonas verdes do polígono.

VI.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Acumular o procedemento de cambio de sistema de compensación a concerto do polígono "UE I-02 Regueiro" co de aprobación do seu proxecto de equidistribución (expte. 4649/401).

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono de referencia.

TERCEIRO: Expoñer ao público o proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en Escritura Pública no 27/05/2006 perante o notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez co núm. 1247 do seu protocolo, promovido por "Edificio Fontán SL", redactado polo avogado D. Fco. Javier García Martínez e o arquitecto D. Borja Ramilo Méndez.

CUARTO: Abrir un trámite conxunto de información pública en ambos procedementos acumulados (cambio de sistema de actuación e proxecto de equidistribución) polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo aos propietarios do ámbito. Tamén aos arrendatarios, xunto cunha copia das súas respectivas follas de valoración.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(763).-RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JOSÉ PIÑEIRO OROSA E D. MÁXIMO GONZÁLEZ PAZ Ó ACORDO DEREVISIÓN DE OFICIO REALIZADO POLA SESIÓN DE 26-12-05 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 4584/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 7.06.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación, na súa sesión de 15 de outubro de 1991, deu aprobación ó proxecto de urbanización da Rúa Gándara, indicando que os promotores solicitantes deberían prestar garantía do exacto cumprimento dos compromisos adquiridos, por importe de 11.565.250 pts e que coa primeira das licenzas de edificación que se conceda, con fronte ó vial en proxecto, deberán executarse a totalidade das obras de urbanización no prazo fixado.

Na sesión da Comisión de Goberno de 31 de outubro de 1991 (rectificado por outro de 30 de abril do ano 1992), acordouse a concesión de licenza (6491/421) a don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz para a construción dun edificio na rúa Gándara.

O 29 de abril de 1996 a Comisión de Goberno aprobou a recepción das obras de apertura e urbanización da rúa Doctor José Mato (antes Gándara), sector da Florida, tramo entre Florida e Fragoso (expte. 20138/250).

O 29 de abril de 1997 don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e en representación de don Máximo González Paz presenta escrito no Rexistro da Xerencia interesando que se lle abone ou repercuta ós propietarios das fincas conlindantes coa rúa Gándara (hoxe "Rúa José Mato"), as cantidades satisfeitas (20.219.950 ptas) para a execución do proxecto de apertura e urbanización da mencionada rúa.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 19 de decembro de 1997 acordou o seguinte: "Primeiro.- Recoñecer a D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo González Paz o dereito á equidistribución de cargas pola execución ás súas soas expensas, da urbanización da rúa Gándara -hoxe Doctor José Mato- o que o seu custe total ascendeu á suma de 20.219.950 pts. Segundo.- Que polos servicios técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo se proceda, cos documentos aportados por D. José Piñeiro Orosa e D. Máximo González Paz, a redactalo correspondente expediente de reparcelación económica e normalización de fincas, para distribuí-la suma de 20.219.950 pts. entre os propietarios de terreos ós que a obra de urbanización outorgou a condición xurídica de <terreo edificable>, coa observación de que dita suma correrá únicamente de conta dos devanditos propietarios, o Concello non participará en ningún caso."

O 25 de novembro de 1998, don José Piñeiro Orosa (no seu nome e en representación don Máximo González Paz), solicita a urxente execución do acordo adoptado pola XMU o 19 de decembro de 1997.

O mesmo órgano colexiado, o 30 de abril do 99, adoptou o seguinte acordo: "Primeiro.-Desestima-la solicitude presentada coa data 29 de abril de 1997 por don José Piñeiro Orosa actuando en nome propio e ademais en representación de don Máximo González Paz, no Rexistro da Xerencia interesando que se lle aboe ou se repercuta ós propietarios dos predios colindantes coa rúa Gándara, hoxe Rúa Doctor José Mato, proporcionalmente ó seu respectivo fronte a ese vial, as cantidades satisfeitas polo proxecto de execución do proxecto de apertura e urbanización da rúa Gándara no que os gastos ascenderon, ive incluído, á cantidade de 20.219.950 pts, polos motivos establecidos na parte expositiva do presente acordo. Segundo.- Satisfacer a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, en concepto de participación nas cargas de urbanización do vial, e con cargo á Xerencia de Urbanismo o importe de 1.907.844 pesetas correspondentes ó prezo xusto fixado polo Xurado Provincial de Expropiacións dos predios 4 e 6 do plano parcelariado proxecto de urbanización da rúa Gándara, hoxe rúa José Mato."

O anterior acordo foi recurrido por don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (proceso contencioso administrativo nº 02/0004455/1999). O 13 de novembro de 2003, a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictou sentenza pola que se estima parcialmente o recurso interposto, en concreto, nos seus fundamentos dispónse o seguinte: "...no hay más remedio que reconocer que el mismo viene a dejar sin efecto al primer acuerdo sin haberlo sometido a revisión con arreglo al procedimiento legalmente previsto en el artículo 102 de la Ley 30/92 sin haberlo declarado lesivo conforme el artículo 103 (...) se ha de estimar el recurso, pero solo en parte y por la razón formal dicha de no haber respetado el procedimiento legalmente establecido para dejar sin efecto un acto firme anterior no desfavorable ni de gravamen sin que proceda entrar en el fondo...".

O 21 de xuño de 2004, don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, presentan novo escrito no que en síntese solicitan a execución do acordo de 19 de decembro de 1997.

O 29 de marzo de 2005, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: "(...) REVISIÓN DE OFICIO DE ACORDO DO CONSELLO DA XMU DE 19.12.97 SOBRE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA

GÁNDARA.EXPTE. 4584/401 (...) 1. O inicio do procedemento de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios dos supostos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 2. De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, outorgar a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz un prazo de audiencia de 15 días, durante o cal poderán alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes. 3. Unha vez completado o anterior trámite, deberase remitir expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 4. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial (...)"

Logo da apertura do trámite de audiencia, o 19.05.05 don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz presentan escrito de alegacións.

O 27 de maio de 2005, o técnico en admón. xeral emite o seguinte informe-proposta de resolución: "(...) 1. Acordar a revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997 e polo tanto declarar a súa nulidade, conforme o previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 2. Remitir previamente expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 3. Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial (...)"

O mesmo día remítese expediente ó Consello Consultivo para o seu dictame.

O 1 de xuño do presente ano, de acordo co establecido no artigo 42.5 da Lei 30/92, se comunica a don Máximo González Paz e don José Piñeiro Orosa, a remisión do expediente e a consecuente suspensión do prazo legal para a resolución.

O 21 de xullo de 2005, recíbese certificado do acordo do Consello Consultivo de Galicia no que se devolve o expediente o entender que carece da preceptiva proposta de resolución e de documentación que debía constar no expediente.

O 8.09.05 notifícase auto no trámite de execución de sentenza co seguinte acordo: "(...) Desestimar la petición de declaración de nulidad del acuerdo de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Vigo de 29 de marzo de 1997, formulada por la procuradora Doña María Ángeles Fernández Rodríguez (...)"

O 12.09.05 a Xunta de Goberno local acorda o seguinte: "(...) 1.- Declarar a caducidade do expediente de revisión de oficio incoado por acordo da Xunta de Goberno Local de 29.03.05, por transcorrer o prazo legalmente establecido para a resolución do expediente, entendendo por presentadas as alegacións formuladas polos interesados o 19.05.05. 2.-O inicio de novo procedemento de revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, previsto no artigo 102 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concurren varios supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal. 3.- De acordo co previsto no artigo 84 da Lei 30/92, outorgar a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz un prazo de audiencia de 15 días, durante o cal poderán alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estimen pertinentes. 4.- Unha vez

completado o anterior trámite, deberase remitir expediente ó Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92 e a Lei 9/95 do Parlamento de Galicia. 5.- Requerir a don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz a execución da resolución da Sentencia do TSXG de 13 de novembro de 2003, e consecuentemente, ó reintegro da cantidade de 11.466,37 € aboados en virtude do acordo do Consello da XMU de 30 de abril de 1999, anulado pola devandita resolución xudicial. 6.- Comunicar que de acordo co previsto no 107 da Lei 30/92, contra o presente acordo non cabe recurso ó tratarse dun acto de mero trámite. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 42.4 da Lei 30/92, se lle informa ós interesados que o prazo máximo de resolución do presente expediente é de 3 meses (102 Lei 30/92). Transcurrido o prazo para resolver, producirase a caducidade do mesmo (...)"

Acto seguido foi notificado de novo o acordo a don Maximo González Paz (20.09.05) e don José Piñeiro Orosa (23.09.05), outorgándolles o preceptivo trámite de audiencia.

O 5.10.05 don José Piñeiro Orosa, no seu nome e en representación don Máximo González Paz, presentan novo escrito de alegacións.

Logo da redacción da proposta de resolución, a Xunta de goberno local en sesión de 17.10.05 toma coñecemento da proposta de resolución do expediente de revisión de oficio do acordo de revisión do Consello da XMU de 19.12.97. Na mesma resolución, acordábase a remisión do expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión do dictame preceptivo de acordo co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

O 15.12.05 deu entrada no Rexistro xeral da Xerencia municipal de urbanismo, dictame do Consello Consultivo de Galicia favorable á proposta de resolución do Consello Consultivo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 26 de decembro de 2006, adoptou o seguinte acordo: "(...) 1. Acordar a revisión de oficio do acto dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19 de decembro de 1997, e a desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial, conforme o previsto no artigo 102 da Lei 30/92, 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, por entender que concorren varios dos supostos dos previstos no artigo 62 do mesmo texto legal (en concreto os correspondentes ós apartados 1.c e, f). 2.- Acordar a retroacción do procedemento ó momento procedimental polo que don Jose Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz, reclaman ó Concello o dereito a equidistribuírse co resto dos propietarios e fincas colindantes afectados. Así mesmo, en base ós fundamentos xurídicos contidos no informe, desestimar expresamente a reclamación anterior (...)"

O antedito acordo foi notificado ós interesados, ante o cal interpuxeron recurso de reposición o 2 de febreiro de 2006.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Cuestións alegadas por don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz no recurso de reposición interposto o 2.02.06 e contestación fundada ás mesmas.- O recurso de reposición pretende a nulidade do acordo da Xunta de Goberno Local de 26.12.05, baseándose nos seguintes argumentos:

- Sobre a natureza vinculante e preceptiva do dictame do Consello Consultivo e o seu grado de vinculación á resolución de apreciación da procedencia da revisión dun acto declarativo de dereitos.- Non se dubida da natureza preceptiva e vinculante do dictame do Consello Consultivo nos expedientes de declaración de revisión de oficio dun acto administrativo nos que concurra un suposto dos previstos

no artigo 62.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común. No acordo polo que se declarou nulo o acto administrativo dictado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 19 de decembro de 1997 respetou o sentido do dictame do órgano consultivo. Non pode argumentarse que o Concello non asumira tal grado de vinculación derivado da natureza do dictame. O que se tratou foi de reforzar os argumentos polos que se entendía que o acto dictado era nulo de pleno derecho. Certamente o único punto que apreciou o Consello Consultivo como susceptible de ser considerado como nulo de pleno derecho, foi o previsto na letra e do punto primeiro, do artigo 62 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común. Co sentido do dictame recabado, o Concello deu estricto cumprimento o previsto no artigo 102.1 do antedito texto legal. As consecuencias de apreciar tal causa, foron as previstas no acordo de revisión, é dicir, a retroacción do procedemento ó momento procedimental polo que don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz. Polo tanto, non se aprecia unha irregularidade invalidante no procedemento de revisión, que no remoto caso de concorrer, en ningún caso afectaría á validez do acordo de revisión, en aplicación do previsto nos artigos 64 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro. Tampouco se pode compartir a tese dos recorrentes no referente a que é necesaria a apertura dun trámite de audiencia previa á resolución da solicitude presentada. O feito de que se considere nulo un acto administrativo por prescindir total e absolutamente do procedemento establecido (omisión no presente caso do trámite de audiencia), non por elo significa que se teña que realizar tal trámite cando se desestime de plano a solicitude presentada por carecer do máis mínimo fundamento. O argumento do Consello Consultivo para rexeitar a apreciación da causa de nulidade prevista na letra c, do punto 1 do artigo 62 da Lei 30/92 (actos de contido imposible) é que non considera que exista unha imposibilidade de tipo físico senon xurídica. En boa lóxica o Concello á hora de resolver a solicitude de equidistribución ou compensación solicitada, ten que resolve-la conforme o ordenamento xurídico aplicable. O feito de que non concorra unha imposibilidade física (a criterio do Consello Consultivo), non obsta para que se poida resolver conforme a normativa e o ordenamento xurídico que sexa de aplicación. Polo tanto, rexéitase o presente argumento do recurso de reposición interposto.

- Sobre o hipotético apartamento da resolución de revisión da proposta que motivou o dictame do Consello Consultivo.- O presente argumento parece contradecir o primeiro. En efecto, á hora de dictar a resolución de revisión do acto administrativo, se tivo en conta os argumentos utilizados polo órgano consultivo para apreciar que concorre unha causa de nulidade de pleno dereito. A retroacción do procedemento, é a consecuencia da nulidade dun acto por omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido. Por outra parte, a resolución do expediente é unha obriga da Administración (ex 42 Lei 30/92) e á vez unha garantía do cidadano. Unha vez que se declarou nula a resolución do expediente, procede a emisión dunha nova, sen que en sí afecte ó contido do expediente de revisión de oficio.
- Sobre a suposta atribución de competencias xurisdiccionais por parte do Concello.- A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 13 de novembro de 2003 anula a totalidade do acordo de 30 de abril de 1999. Dentro das determinacións do referido acordo, se prevía o aboamento da cantidade de 1.907.844 pesetas. A anulación do mesmo implica que os perceptores de dita cantidade carezan de título para a súa adquisición. Por outra parte, non se debe descoñecer que a Administración ten atribuída legalmente a denominada aututela declarativa e executiva. De todos os xeitos, a esixencia da citada cantidade é unha consecuencia da anulación do acto e non un acto de execución da resolución xudicial. Téñase en conta que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no auto de 8.02.06, acordou a desestimación da petición de nulidade do acordo da Xunta de goberno local de 12.09.05 (reproducido parcialmente nos antecedentes do presente informe). Por último, como así se

fixo mención no acordo de revisión, o procedemento de reintegro da cantidade abonada se realizará con plena observancia do procedemento legal e regulamentario establecido.

- *Con respecto á procedencia da reclamación de responsabilidade patrimonial.- Con respecto á pretensión indemnizatoria derivada da concurrencia dun suposto de responsabilidade patrimonial desta Administración municipal, é necesario reiterar o argumento utilizado para a desestimación da pretensión no acordo de revisión. Se segue sen xustificar e probar a presenza dos supostos legais e xurisprudenciais necesarios para apreciar a responsabilidade da Administración.. A pretensión carece de fundamento por canto non concorre o requisito de antixuricidade (artigo 141.1 da Lei 30/92). Os recurrentes carecen de título para adquirir o dereito ó reparto dos costes das obras de urbanización co resto dos propietarios afectados. Consecuentemente teñen o deber xurídico de soportar as consecuencias derivadas do outorgamento da licenza de obra outorgada no ano 91 e que contemplaba a necesidade de execución simultánea de certas obras de urbanización. Por outra parte, no propio escrito de alegacións se alude a un posible enriquecemento inxusto do restos dos propietarios, manifestación que corrobora a postura da presente proposta á hora de eludir calquera tipo de responsabilidade. En efecto, non existe unha causa de imputación, en sede de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, consistente na presenza dun enriquecemento inxusto de terceiros axenos á Administración, circunstancia que motivaría no seu caso unha acción de tipo civil. En conclusión, non concorre un suposto previsto legalmente para apreciar responsabilidade patrimonial na actuación do Concello.*
2. *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- De acordo co previsto no artigo 116 e 117 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo, corresponde a resolución do presenete recurso de reposición á Xunta de goberno local.*

Polo tanto, procede a formulación da seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- 1.- *Desestimar o recurso de reposición presentado por don José Piñeiro Orosa e don Máximo González Paz ó acordo da Xunta de goberno local de 26.12.05.*
- 2.- *Notificar o presente acordo ós interesados e a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sección segunda-rca nº 02/4455/1999). Informar ós recurrentes que contra a presente resolución non cabe recurso en vía administrativa. Non obstante, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses dende a recepción do presente acordo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(764).-RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO VIAL “2-A” E ACCESOS Ó SEGUNDO CINTO “1 E 2 “ PREVISTOS NO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 4684/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do Xerente de Urbanismo, do 14.06.06, que di o seguinte:

Con data 03.06.1996 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan parcial de Navia (expte. 2444/411, BOP núm. 183, do 20/09/1996), en desenvolvemento do programa de actuación urbanística aprobado no 08.02.1996. Dito acordo foi matizado por outro posterior de data 29.04.2002 (expte. 7556/411, BOP 19.07.2002). No 03.10.1997 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito (expte. 3992/401).

O 09.08.2002 "Xestur Pontevedra, S.A.", presentou unha primeira solicitude de modificación puntual do Plan parcial (expte. 7849/411), acompañada de documentación técnica, redactada pola entidade mercantil "Alameda 12 SL" e asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Benito Fernández. En data 13.11.2002 remitíuselle a "Xestur Pontevedra" copia dos informes emitidos ao respecto pola CPTOPV da Xunta de Galicia (do 08.11.2002), Ministerio de Fomento (30.10.2002) e Subdirección Xeral de estradas da Xunta de Galicia (11.09.2002), para corrección da documentación.

O 12.06.02, o Consello da XMU acordou declarar a innecesiedade de parcelación ou de operacións reparcelatorias.

O 14.01.2003 "Xestur Pontevedra", logo da entrada en vigor da nova Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA), presentou unha nova documentación corrixida, substancialmente diferente da anterior, que incorpora novos criterios na ordenación.

Con data 04.07.2004 o arquitecto xefe e o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitiron informe-proposta favorable á aprobación inicial da modificación puntual. No 19.07.2004 a Xunta de Goberno Local acordou dita aprobación inicial. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOG 176, do 09.09.2004, e nos diarios Faro de Vigo, La Voz de Galicia e Atlántico dos días 06.08.2004 e 07.08.2004, así como con notificación individualizada aos afectados.

En data 18.03.2005 a Comisión Superior de Urbanismo da Xunta de Galicia emitíu informe favorable sobre esta modificación puntual.

O Pleno do Concello en sesión ordinaria do 25 de abril de 2005 acordou aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 1 do plan parcial de Navia, promovida por "Xestur Pontevedra" (Xunta de Galicia), na súa última versión, con documentación redactada pola entidade mercantil "Alameda 12 SL", asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Benito Fernández, datada en febreiro de 2004 e xaneiro de 2005 (expte. 7849/411). Según os datos proporcionados polo "Instituto Galego da Vivenda e do Solo" á superficie dos viais 1-A e 1-ee é de 16.195 e 1.423 metros cuadrados respectivamente.

O 17 de xuño do ano en curso, o delegado provincial do "Instituto Galego da Vivenda e do Solo" presenta proposta e ofrecemento de cesión de titularidade de dotacións locais e recepción parcial de urbanización da "Rúa 1-a, 1-ee e 1-aa". Dito escrito foi matizado por outro rexistrado o 20.06.05.

A Xunta de goberno local, na súa sesión de 22.06.06, adoptou o seguinte acordo: "(...) Aceptar parcialmente a infraestrutura básica da <Rúa 1-a, 1-aa e 1-ee> que enlaza coa vía de servizo do primeiro cinturón, tendo en conta as deficiencias observadas na mesma e informadas polos diferentes departamentos municipais - que son asumidas polo IGVS- e que deberán ser subsanadas no prazo máis breve posible (...)"

Novamente o delegado provincial da Consellería de vivenda e solo remite escrito no que se se solicita a recepción do vieiro "2-a", os accesos ao segundo cinturón, así como a galería técnica de servizos de urbanización do polígono residencial de San Paio de Navia. Achegase proposta de cesión co seguinte contido: "(...) PRIMEIRO.- Proponse a cesión do vial, coas súas beirarrúas e aparcadoiros, denominado no parcelario do plan parcial <2 A>, cunha superficie de 22.724 m2, delimitado por sendas rotondas, interiores da urbanización, que o separan do vial <1 A> pola zona norte, e outra pola que se accede a este polígono pola zona sur e a rúa <3 G>. Así mesmo, proponse a cesión dos accesos ao segundo cinturón, tanto asistente entre as P-XVI e P-XVII, cunha superficie de 276 m2 como o existente na zona sur, prolongación do vial <3 G>, cunha superficie de 232,51 m2, coas súas beirarrúas. SEGUNDO.- O tratamento aplicado nos viais que se ceden, así como as actuacións posteriores nestes, asúmense polo IGVS, en base ao proxecto de obras de reurbanización, coñecido polo Concello, que será obxecto de licitación e execución nas vindeiras datas, e que de selo caso complementaríase de acordo coas directrices contidas no ANEXO I. O IGVS convocará ao Concello de Vigo para que a través dos seus representantes e técnicos, poda concorrer a presta-la súa conformidade co acto de recepción definitiva destas obras. A conformidade dos representantes municipais coa obra realizada significará a recepción por parte do Concello, sin necesidade de ningún outro trámite dos servizos e terreos obxecto de cesión que se estipula na estipulación PRIMEIRA. TERCEIRO.- Así mesmo proponse a cesión da galería técnica de servizos que discurre pola totalidade do viario principal da urbanización, asumindo o IGVS o informe do enxeñeiro industrial municipal de data 13/06/05, que se xunta como anexo II. CUARTO.- En consecuencia co anteriormente exposto o IGVS propón a cesión gratuita ó Concello de Vigo a titularidade de todos os terreos e servizos especificados e descritos nos apartados anteriores, sitios no polígono residencial de San Paio de Navia (...)"

No acordo da Xunta de goberno local de 22.06.05, polo que se aprobou o convenio de cesión de titularidade de aproveitamento e dotacións de actuacións derivadas do Plan Parcial de Navia (expte. 4609/401), non se fixo mención ós terreos nos que están executados os viais que se propoñe a recepción da infraestrutura. Por todo elo, debe adoptarse acordo expreso al respecto.

No novo ofrecemento de cesión parcial de urbanización realizado polo "Instituto Galego da Vivenda e do Solo" figura anexo (número I), que a seguir se reproduce: "(...) 1.-ANTECEDENTES. Tras la conclusión de la obra de urbanización residencial de San Paio de Navia, se han detectado deficiencias en el firme. Tanto Xestur como el Concello de Vigo han solicitado informes sobre las causas (con realización de catas, sondeos y ensayos), concluyendo que debido al orden de ejecución de las obras, realizando en primer lugar las labores de urbanización y posteriormente las de construcción de las edificaciones (todavía en ejecución), es en este momento en el que el firme sufre el mayor volumen de tráfico pesado, lo que contribuye a su deterioro. Por otro lado, los vaciados necesarios para la ejecución de sótanos provocan variaciones en el nivel freático y movimientos en el terreno, lo que facilita la aparición de fisuras en los viales. Debido al elevado número de parcelas libres y, por consiguiente, las excavaciones todavía pendientes, se considera como más adecuado para la reparación del firme, realizarlo en sucesivas fases. Al margen del orden que se determine en las fases de reparación, queda claro que habrá que levantar totalmente la calle 1B, una vez que el Ministerio de Fomento, autorice la solución para la intersección que estime oportuna (una vez oído el Ayuntamiento de Vigo), y construirla de nuevo, si bien con el paquete de firme previsto inicialmente en el proyecto, sobre explanada E-2, es decir:

- 25 cm. de base de zahorra artificial.
- 8 cm. de capa intermedia de aglomerado S-20.
- 7 cm. de capa de rodadura de aglomerado D-12.

2.REPARACIONES A REALIZAR EN LOS FIRMES DEL RESTO DE LOS VIALES.

Dado que las primeras edificaciones construidas y en construcción, se han realizado en las calles 1A y 2A, se considera que deberá realizarse de inmediato en las mismas:

- a) Saneo y sellado de las fisuras abiertas existentes.
- b) Fresado de una franja de 50 cm., en el aglomerado, por los márgenes de bordillos y rigolas.
- c) Extendido de una capa de aglomerado asfáltico de 5 cm. de espesor con una mezcla bituminosa en caliente tipo D-12 sobre los viales.

Esta solución, en función de los resultados, se aplicará al resto de los viales, cuando hayan finalizado los vaciados, con la particularidad de que en aquellas zonas que se haya comprobado que no funciona por falta de capacidad portante de la explanada, se demolerán las losas en las que se detecten entonces o se hayan detectado en la actualidad, fisuras irregulares cerradas o abiertas del orden de 2 cm., y su reconstrucción, induciendo la fisuración por retracción mediante cortes de 5 cm. de espesor, tanto por el eje de la calzada como por la línea de separación de los carriles, de modo que se reduzca el tamaño de las losas a 3,75 m. de longitud por 3,5 m. de anchura, esperando como mínimo un mes hasta el extendido de una mezcla bituminosa en caliente tipo D-20 de 8 cm. de espesor. Si la fisura supera los 2 cm., deberá reconstruirse el firme desde la explanada.

3.- OTRAS REPARACIONES.

Además de los señalado, procede realizar adicionalmente en las calles 1A y 2A otras reparaciones, que como mínimo deberán comprender:

- a) Aceras en las zonas que señale la Gerencia Municipal de Urbanismo.
 - i. En zona de edificaciones en fase de construcción muy avanzada y/o terminadas. Reparación por cuenta de los promotores de las viviendas.
 - ii. En zona de parcelas vendidas, edificaciones iniciándose ó en fase de construcción intermedia. Dejar pendiente la reparación hasta la finalización de las edificaciones (salvo casos puntuales por motivos de seguridad vial), que será realizada por los promotores de la edificación.
 - iii. Zonas intermedias entre parcelas edificatorias y/o libres de edificación. Reparación inmediata por parte de la UTE CORSAN-CRC.
- b) Con el mismo criterio, reparación de medianas, enderezado de báculos, reposición de arbolado, señalización vertical y horizontal, mobiliario urbano y vallado de zonas no recibidas (...)"

Na proposta de cesión (de 16.06.05, completada por outra de 20.06.05), asúmese polo IGVS o informe do enxeñeiro técnico industrial de 13.06.05 no que se constata o seguinte: "(...) Xirada visita de inspección con representantes da empresa instaladora do Alumeado Público e da Compañía Unión Fenosa á zona solicitada do Plan Parcial de Navia para a súa recepción, observáronse as seguintes deficiencias:

ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR:

- Nos Centros de Mando deberán eliminarse as conexións de servizos alleos aos mesmos, limpar e arranxar o interior e exterior dos mesmos, identificar mediante rotulación as saídas eléctricas, faltan esquemas eléctricos, faltan lámpadas interiores e substituír un protector contra sobretensións defectuoso.
- Deberá recrecer os dados de formigón das bases das columnas ata acadar uns 25 mm. sobre o nivel da beirarrúa, para evitar corrosións nas bases.
- Deberán reconstruír a arqueta a pé do Centro de Mando da rúa 1b xa que está esnaquizada polas obras.
- Deberán retranquear as vallas metálicas das obras en execución; quedando libres as columnas de alumeado para facilitar así as tarefas de mantemento.
- Non existen arquetas de cruce de calzada nas canalizacións de Alumeado Público.

GALERÍAS DE SERVICIOS:

- *Nas galerías de servicios deberán reparar os elementos que non funcionen correctamente ou estean defectuosos: luminarias, enchufes,*
- *alumeado de emerxencia, peches das trampañas de entrada e extintores.*

OBSERVACIÓNS:

- *Debido a que a empresa encargada das instalacións de ventilación, detección de humidade e inundación e sistemas de control non estaba presente na inspección, non se puido revisar ditas instalacións.*
- *Como consecuencia de que a empresa subministradora de enerxía eléctrica Unión Fenosa non realizou ata o momento as acometidas eléctricas aos centros de mando de Alumeado Público nin a Galería de Servicios Xerais, non se puideron realizar as medidas e comprobacións oportunas.*

En canto a documentación necesaria para a correcta recepción das instalacións de Alumeado Público e da Galería de Servicios Xerais deberán remitir a este Servicio o seguinte:

- *Proxecto específico das instalacións de Alumeado e das instalacións da galería de servicios redactado por Técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente.*
- *Planos do estado final das instalacións de Alumeado e das instalacións comúns da Galería de Servicios.*
- *Certificado das instalacións de alumeado público (boletín do instalador), selado pola Delegación de Industria e conformado pola Compañía Eléctrica.*
- *Recibo do pago dos dereitos de acometida da Compañía Subministradora e xustificante de pago das taxas de Industria.*
- *Certificado de dirección de obra das instalacións de Alumeado e das instalacións da galería de servicios, asinado por técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente.*
- *Certificado de garantía de calidade de todos os equipamentos instalados tales como: luminarias e equipos asociados, soportes, conductores, mecanismos, armario, equipo reductor-estabilizador, etc.*
- *Certificación dunha OCA (Ensaio de control de calidade e Cumprimento da normativa de equipos e instalacións) das instalacións de Alumeado Público e das instalacións da galería de servicios (...)"*

O 12.06.06 o adxunto ó director dos servizos técnicos o seguinte: "(...) Recibida solicitud de recepción de los viales 2ª y enlaces con el segundo cinturón VG-20, presentada por el Sr. Delegado de la Consellería de la Vivienda y Suelo e Pontevedra. Con fecha 12.06.06, el técnico que informa propone recibir parcialmente las obras de urbanización del Plan Parcial de San Paio de Navia, circunscritas al ámbito ya descrito, al entender que los viales disponen de la infraestructura básica (...)"

De acordo co establecido na normativa sobre obtención da calificación definitiva das vivendas de protección, precísase a previa obtención da licenza de primeira ocupación. Para o outorgamento desta última, precísase que a obra executada se acomode á licenza de construción. Tal extremo foi constatado nos primeiros informes emitidos á colación das solicitudes presentadas para o outorgamento da primeira ocupación. Así mesmo, de acordo co previsto nos artigos 41 do Real decreto 3.288/78, no caso de execución simultánea de urbanización e edificación, non se permitirá a ocupación dos edificios ata que non estea realizada totalmente a urbanización que afecte á edificación e estén en condicións de funcionamento os subministrados de auga e enerxía eléctrica e as redes de sumidoiros. Do informe emitido, dedúcese que a infraestrutura básica de servizos correspondente á "Rúas 2-A" ten as características mínimas como para soportar o inicio da ocupación dos primeiros edificios construídos.

A recepción terá un carácter provisional e sempre condicionada o escrupuloso respecto do informado no expediente polos diversos departamentos municipais e que están asumidos polo órgano cedente. Pese o carácter reglado das autorizacións urbanísticas, existen certas circunstancias de interese xeral que motivan a aplicación proporcionada da aplicación da normativa vixente. En efecto, as dúas etapas da urbanización do "Plan Parcial de Navia" non están completamente rematadas, non obstante, sempre que se deixe constancia no expediente das deficiencias observadas, o Concello non se vería perxudicado pola recepción de dúas rúas co gallo de facilitar o outorgamento da licenza de primeira ocupación.

Polo tanto, fórmulase a seguinte PROPOSTA

1.-Aceptar a cesión da titularidade dos terreos correspondentes o vial descrito na modificación do plan parcial de Navia, como "2-a" e viarios de acceso ó segundo cinturón "1" e "2". A descripción do mesmo é o seguinte:

- Vial público dunha superficie de 22.724 m2, delimitado por sendas rotondas (etapa II), interiores de urbanización, cos seguintes lindeiros: Norte, rotonda de unión coas rúas "1-a" e "1-b"; Sur, rotonda unión rúa "3-g"; Leste: espacio libre "P-7", parcelas XVII, XVI, XV, XIV, XIII, XX e XIX; Oeste, espacio libre "P-2" e parcelas P-VIII, P-IX, P-X, P-XI, P-XII, rúa "2-f", parcela XXIV, espacio libre "P-3", parcela XXIII, XXII e XI, e rúa 3-g.
- Vial de acceso ó segundo cinturón "1" de 274 m2 (etapa II), cos seguintes lindeiros: Norte, espacio libre "P-7"; Sur, espacio libre "P-7"; Leste, rotonda de conexión do segundo cinturón e; Oeste, rúa "2-a".
- Vial de acceso ó segundo cinturón "2" de 232,51 m2 (etapa II), cos seguintes lindeiros: Norte, espacio libre "P-7"; Sur, equipamento docente "E-5"; Este, rotonda de conexión Avda. Ricardo Mella; Oeste, rotonda de conexión coas rúas "3-g" e "2-A".

2.- Promover a inscrición rexistral das parcelas resultantes e cedidas no punto primeiro.

3.- Aceptar parcialmente a infraestrutura correspondente ó vial "2-a", vial de acceso ó segundo cinturón "1" e "2", segundo a proposta realizada polo delegado provincial da Consellería de Vivenda o 12.06.06, tendo en conta os informes municipais incorporados ó expediente (asumidos polo IGVS na proposta de cesión). Así mesmo, acéptase a galería técnica de servizos que discorre pola totalidade do viario principal da urbanización, tendo en conta o informe do enxeñeiro industrial municipal de 13.06.05.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(765).-SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR ANULACIÓN DE ESTUDIO DE DETALLE E LICENZA DA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DO CASTRO (ENTRE AS RÚAS D. BOSCO E ENRIQUE BLEIM).DESESTIMENTO. EXPTE. 4681/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 12.06.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- En data 18/02/1999 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou Sentenza no recurso cont.-ad. 2/4731/1996 interposto por D. José Luis Saez Martín e outros. Nela anulouse a Licenza de obras e actividade concedida en data 09/06/1995 a Unión Fenosa SA para a construción dunha subestación eléctrica entre as rúas Don Bosco e Enrique Bleim e condenouse ao Concello á derruba da obra executada. Dita Sentenza foi confirmada pola posterior do Tribunal Supremo do 18/12/2002 (casación 3143/1999).

2º.- No 08/01/2004 D. Manuel Domingo Fernández Pellicer, en nome e representación da entidade mercantil “Unión Fenosa Distribución SA” presentou nesta Administración municipal unha solicitude de indemnización polo importe de 3.489.067,22 euros motivada na suposta responsabilidade patrimonial administrativa derivada da anulación da citada licenza (doc. 40001174).

En data 28/12/2004 o representante de dita mercantil presentou outro escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo reiterando a súa solicitude indemnizatoria.

3º.- No 18/01/2005 o Conselleiro de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia aprobou definitivamente unha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo a fin de posibilitar o traslado da citada subestación eléctrica a outro lugar no monte do Castro, alonxado das vivendas dos demandantes (DOG 09/02/2005 e BOP 11/02/2005).

En data 08/05/2006 o Concelleiro-Delegado de Urbanismo concedeu a “Unión Fenosa Distribución SA” licenza de obras e actividade para trasladar e instalar a subestación eléctrica no monte do Castro (expte. 29165/422).

4º.- No 24/05/2006 D. Manuel Domingo Fernández Pellicer, en nome e representación de “Unión Fenosa Distribución SA” interpuxo nesta Administración municipal escrito de desistimento da reclamación indemnizatoria de referencia. Mediante oficio do mesmo día requiríuselle a acreditación da súa representación.

No 29/05/2006 “Unión Fenosa Distribución SA” achegou copia da escritura pública de apoderamento de D. Manuel Domingo Fernández Pellicer, outorgada perante o notario de Madrid D. Fernando de la Cámara García no 18/07/2002 co núm. 2.200 do seu protocolo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Dispoñe o art. 87.1 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC) que: “Porán fin ó procedemento a resolución, o desistimento, a renuncia ó dereito en que se funde a solicitude, cando esta renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e maila declaración de caducidade”.

Preceptúa o art. 90.1 da mesma Lei que: “Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar ós seus dereitos”. E engade o art. 91 que: “1.- Tanto o desistimento como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia. 2.- A Administración aceptará de vez o desistimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento (...)”.

Neste caso o desistimento formulado pola entidade mercantil “Unión Fenosa Distribución SA” sobre a súa reclamación indemnizatoria non resulta contrario ao interese público nin ao ordenamento xurídico. Procede polo tanto aceptalo de plano, declarándose concluso o procedemento e ordenándose o seu arquivo.

É competente para dicta-la resolución que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1 LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

PRIMEIRO: Ter por desistida á entidade mercantil “Unión Fenosa Distribución SA” nas súas reclamacións indemnizatorias formuladas como consecuencia da anulación xudicial da licenza de obras e actividade concedida para a instalación dunha subestación eléctrica nas rúas D. Bosco e Enrique Bleim. Declarar concluso o procedemento e ordenar o seu arquivo (Expte. 4681/401).

SEGUNDO: Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo a “Unión Fenosa Distribución, SA”, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíqueselle tamén ás oficinas municipais de “Patrimonio” e “Asesoría Xurídica”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(766).-DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER FERNÁNDEZ VIEITEZ CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30.01.2006, DE SUSPENSIÓN DO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE DAZ UA-12 VALIÑARES (SAN MIGUEL DE OIA). EXPTE. 8103/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 1.06.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 23/12/2002 D. Fco. Javier Fernández Vieitez presentou nesta Administración municipal solicitude de aprobación dun Estudio de Detalle na "UA-13-Valiñares" (San Miguel de Oia), redactado polos arquitectos D. Enrique Urdiales de Santiago e D. Antonio González Suárez-Llanos, visado polo COAG no 16/12/2002.

2.- Remitiuse un exemplar do Estudio de Detalle ó Servicio Provincial de Estradas en Pontevedra da CPTOPV da Xunta de Galicia a fin de que emitise o seu preceptivo informe sobre a incidencia da pretendida

actuación na Avda. de Ricardo Mella (PO 325). No 26/03/2003 o Subdirector Xeral de Estradas da Xunta de Galicia emitiu Informe favorable ó respecto.

No 23/04/2003 a oficina municipal de Patrimonio Histórico emitiu un Informe no que fixo constar que o ámbito do Estudio de Detalle dista menos de 100 m. da capela dos Liñares, ben catalogado no Plan Especial de Edificios a Conservar, e que polo tanto debería ser remitido á Consellería de Cultura, para Informe.

3.- No 16/05/2003 notificóuselle ó promotor da actuación un oficio da oficina municipal de Planeamento no que se lle requeríu a subsanación de diversos extremos do Estudio de Detalle.

No 07/07/2004 D. Javier Fernández Vieitez presentou nesta Administración municipal o Estudio de Detalle rectificado, visado polo COAG no 01/06/2004.

En data 02/08/2004 o arquitecto da oficina municipal de Planeamento emitiu Informe sobre os aspectos técnicos desta última versión do Estudio de Detalle. No 23/08/2004 o letrado da mesma oficina emitiu un Oficio requirindo do promotor da actuación a aportación de nova documentación. Dito oficio notificóuselle ó interesado no 05/09/2004, sen que fose respostado.

4.- No 30/12/2004 o Pleno municipal acordou aprobar inicialmente o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo -PXOM- (DOG 15/02/2005). No 29/12/2005 a arquitecta da oficina municipal de Planeamento emitiu un Informe no que fixo constar, entrou outros extremos, que:

"(...) A ordenación proxectada non sería compatible co novo PXOM, xa que:

- Parte da zona incluída na ordenanza 1.3.D. no Estudio de Detalle atópase no novo PXOM na Ordenanza 13 Dotacional Sociocultural, uso característico: dotacional sociocultural.

- Existe incompatibilidade nas condicións de parcelación entre a Ordenanza 1.3.D. do PXOU vixente e a ordenanza 10 2º. A ordenanza 1.3.D. fixa como parcela mínima 180 m² e fronte mínimo 5, así como diferenzas na edificabilidade máxima e a ocupación máxima, na ord. 1.3.D.: 1 m²/m² e 55% respectivamente.

- Non se recolle no E.D. a ampliación da Avda Ricardo Mella, nin a rotonda proxectada no novo PXOM, que quedaría dentro da superficie de cesión dotacional do E.D".

No 13/01/2006 o técnico de administración xeral emitiu un Informe xurídico ao respecto.

5.- En data 30/01/2006 a Xunta de Goberno Local acordou: "Suspende o procedemento de aprobación do Estudio de Detalle da UA-13 Valiñares (San Miguel de Oia), promovido por D. Fco. Javier Fernández Vieitez, arquivándoo provisoriamente, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (expte. 8103/411) (...)".

6.- No 17/03/2006 D. Javier Fernández Vieitez interpuxo nesta Administración municipal Recurso de Reposición contra o Acordo citado no parágrafo anterior.

7.- En data 19/05/2006 o Pleno municipal acordou aprobar provisionalmente o novo PXOM. No seu plano de ordenación núm. 17-C cualifícase o ámbito de referencia como solo urbano consolidado, prevese unha zona verde pública na parte lendeira coa igrexa dos Liñares, manténdose importantes diferenzas coa ordenación prevista no PXOU-93 e no Estudio de Detalle presentado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- D. Javier Fernández Veitez solicitou no referido Recurso de Reposición que: “(...) se dicte resolución por la que se anule la resolución recurrida, se reconozca aprobado por silencio el Estudio de Detalle y se adopte acuerdo expreso ratificando el mismo. En defecto de lo anterior se tenga por aprobado inicialmente por silencio y se abra el trámite de información pública, dejando sin efecto el acuerdo adoptado por la Junta de Gobierno Local”.

Fundou o recurso nos seguintes motivos de impugnación, que se examinarán a continuación:

- Réxime legal transitorio aplicable neste procedemento.
- Aprobación do Estudio de Detalle por silencio administrativo.
- Improcedencia da aplicación do réxime de suspensión de licenzas urbanísticas.
- Desviación de poder // responsabilidade patrimonial.

II.- Réxime legal aplicable transitoriamente.

No aptdo. “Sexto” do Recurso de Reposición pretende o recorrente que se aplique neste procedemento a normativa urbanística vixente no momento de presentación da súa solicitude inicial de aprobación do Estudio de Detalle (23 de decembro de 2002), é dicir, a Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG-97). Invoca para tal fin o preceptuado na Disp. Trans. 2ª Lei 30/1992, do 30 de novembro (LRXA-PAC), na Disp. Trans. Única LPA-58 e nas Disps. Trans. 1ª e 3ª Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Sen embargo, no aptdo. “Séptimo” do mesmo Recurso de Reposición contradíse esa argumentación, solicitándose que, pola contra, se apliquen neste caso as últimas modificacións da LOUGA aprobadas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, especialmente no referente ao réxime do silencio administrativo.

O art. 46.1 LSG-97 estableceu un prazo de tres meses para aprobar inicialmente os Estudos de Detalle, contados a partir da data de presentación da solicitude coa documentación precisa completa. A solicitude (incompleta) interpúxose no 23/12/2002, é dicir, apenas 10 días antes da entrada en vigor da LOUGA. A Disp. Trans. 3ª desta última Lei só permitiu excepcionalmente continua-la tramitación dos proxectos de planeamento consonte co disposto no réxime xurídico anterior sempre e cando se cumprisen dous requisitos:

- Que ese instrumento de planeamento fose aprobado inicialmente antes da entrada en vigor da LOUGA (02/01/2003).
- Que a súa aprobación definitiva se efectuase antes do día 02/07/2003.

Neste caso non se cumpriu ningún deses dous requisitos, polo que a aplicación da LOUGA resulta incuestionable e prevalente sobre o principio de “unidade de procedemento” (S TS 18/11/2002 –RJ 10130-).

III.- Silencio administrativo

Non pode considerarse aprobado definitivamente o Estudio de Detalle por silencio administrativo positivo.

En primeiro lugar, por aplicación do disposto no art. 90.2 LOUGA e art. 46.2 LSG-97, toda vez que, por unha banda non se realizou o imprescindible trámite de información pública (art. 86.2 LOUGA e art. 44.3 LSG-97), e por outra carece aínda de informes preceptivos favorables.

En segundo lugar, porque a documentación achegada coa solicitude está incompleta. O requirimento para que fose completada no prazo de 15 días efectuado por esta Administración municipal mediante oficio do 23/08/2004 (firme e consentido polo interesado), non foi cumprimentado, nin nos 15 días concedidos, nin no tempo transcorrido ata a data presente. Polo tanto non comezou aínda o “dies a quo” do cómputo do prazo.

En terceiro lugar, porque de aceptarse a tese do recorrente relativa a que o Estudio de Detalle rectificado que presentou no día 07/07/2004 en substitución do anterior contiña toda a documentación completa, resultarlle de aplicación o disposto no art. 90.1 LOUGA, na súa versión orixinal (vixente no 07/10/2004, transcorridos 3 meses dende a presentación da documentación). Precepto con rango de Lei no que se estableceu expresamente o sentido negativo do silencio administrativo producido antes da aprobación inicial dun instrumento de desenvolvemento de iniciativa particular. Polo tanto, no caso hipotético de que se tivese producido un suposto de “silencio administrativo” os seus efectos serían claramente negativos, desestimatorios da solicitude. Para poder aplicar a modificación do art. 90.1 LOUGA efectuada por Lei 15/2004 do 29 de decembro, o interesado tiña que ter presentado unha nova solicitude en data posterior ós tres meses previos á súa entrada en vigor, e axustada a dita reforma (en especial ao art. 74 LOUGA modificado).

Por outra banda, a aprobación inicial do ED por silencio administrativo resultaría irrelevante e carente de efecto práctico, resultando imposible a súa aprobación definitiva pola súa incompatibilidade coa ordenación do novo PXOM. Tampouco se podería aprobar o proxecto de compensación, nin conceder licenzas de edificación nese ámbito.

IV.- Suspensión de licenzas trala aprobación inicial do novo PXOM

Con independencia e sen prexuízo do sinalado no aptdo. anterior, debe tamén considerarse que mediante Acordo plenario municipal do 30/12/2004 (DOG do 15/02/2005) acordouse a aprobación inicial do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (PXOM), así como: “(...) Suspender o outorgamento de licencias urbanísticas en toda a área territorial do municipio de Vigo, nos casos nos que a nova ordenación inicialmente aprobada resultase incompatible coa establecida no planeamento vixente”.

Nesa data a solicitude, como xa se expuso, carecía aínda da documentación completa preceptiva.

No citado Informe da arquitecta municipal do 29/12/2005 constatouse a incompatibilidade entre a ordenación recollida no proxecto de Estudio de Detalle e no PXOM inicialmente aprobado. Incompatibilidade que se incrementa incluso na ordenación do PXOM aprobada provisionalmente por Acordo plenario do 19/05/2006.

Resulta claro polo tanto o feito de que o ámbito da UA 13 Valiñares está afectado pola devandita suspensión de licenzas. Neste contexto carece de sentido aprobar un instrumento de desenvolvemento urbanístico de imposible execución. Non só por aplicación do disposto no art. 77 LOUGA senón pola propia natureza da potestade discrecional do planeamento. Función pública indispoñible destiñada á mellor satisfacción do interese público (art. 5 LOUGA). O Pleno municipal xa manifestou en dúas ocasións (acordos de aprobación inicial e provisional do novo PXOM) a necesidade de establecer unha nova ordenación nese ámbito, incrementando a zona verde limítrofe coa igrexa dos Liñares.

V.- Desviación de poder / responsabilidade patrimonial

Non se aprecia ningún suposto de “desviación de poder” no acordo impugnado. A suspensión do procedemento de aprobación do Estudio de Detalle resulta acorde a dereito, proporcionada e axustada aos fins establecidos no ordenamento urbanístico vixente. O interese público protexido é tamén ostensible.

Por outra banda, a solución adoutada no Acordo impugnado resultou a menos gravosa para o interesada de entre as posibles. Atopándose xa desestimada a aprobación inicial do ED por silencio administrativo e existindo varios motivos para a súa desestimación expresa, esta Administración municipal optou por suspender cautelarmente o procedemento á espera da ordenación final que se aprobe definitivamente para ese ámbito no futuro PXOM.

Así mesmo, o retraso na tramitación do procedemento é imputable ao interesado. Coa súa solicitude inicial non aportou o preceptivo informe favorable da Administración de estradas (motivo que obrigou a que o solicitase posteriormente esta Administración municipal). Tampouco o da Consellería de Cultura. O oficio do arquitecto municipal que se lle remitiu en data 13/05/2003 non foi cumprimentado polo interesado ata o día 07/07/2004 (máis de un ano despois). E o requirimento do técnico de administración xeral do 23/08/2004 non foi nin cumprimentado nin sequer respondado polo promovente nos case dous anos que transcorreron dende entón.

Por outra banda, a modificación da ordenación urbanística dese ámbito con motivo da revisión do Plan Xeral non xera por sí ningún dereito indemnizatorio en favor do recorrente (arts. 2.2 e 41 Lei 6/1998, do 13 de abril, de Réxime do Solo e Valoracións –LRSV-). En primeiro lugar porque a revisión se produce moito despois de concluído o prazo cuatrienal establecido no PXOU-93 para o desenvolvemento e execución da “UA 13 Valiñares”. En segundo termo, porque os dereitos patrimoniais dos propietarios dese ámbito non se verán prexudicados polo cambio de planeamento. Pasarán dunha situación de solo urbano non consolidado a solo urbano consolidado. O titular da finca afectada pola nova zona verde pública poderá esixir a súa expropiación (art. 99 LOUGA) valorándoa cun aproveitamento urbanístico equivalente ao medio do polígono fiscal no que se ubica (art. 29 Lei 6/1998, do 13 de abril, de Réxime do Solo e Valoracións).

VI.- É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 116 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestima-lo recurso de reposición interposto por D. Francisco Javier Fernández Vieitez contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 30/01/2006, de suspensión do procedemento de aprobación do Estudio de Detalle da UA-13 Valiñares (San Miguel de Oia), promovido por D. Fco. Javier Fernández Vieitez, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (expte. 8103/411).

SEGUNDO: Notifíquese este Acordo ó interesado, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**33(767).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE OBRAS MENORES VIGO, S.L.
EXPTE. 49318/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 31.05.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral, 29 de maio de 2006 e número de documento 60058373, se solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal, con data 22-05-2006 e número de operación 200600021950, por importe de: 12.000 €, motivado polo permiso de circulación a r/ Urzaiz, 132.

No informe de inspección de data 31 de maio de 2006, comprobouse que a vía pública non sufriu danos e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (12.000 € – doce mil euros), a favor de OBRAS MENORES VIGO, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 12.000 € a favor de Obras Menores Vigo S.L.

34(768).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE SANCHEZ ALVAREZ S.L. EXPTE. 49216/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 31.05.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral, 11 de maio de 2006 e número de documento 60050883, se solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal, con data 01-09-2005 e numero de operación 200500039600, por importe de 12.500 €, motivado polo permiso de circulación a r/ Progreso número, 35.

No informe de inspección de data 25 de maio de 2006, comprobouse que a vía pública non sufriu danos e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (12.500 € – doce mil quinientos euros), a favor de SÁNCHEZ ALVAREZ, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 12.500 € a favor de Sánchez Alvarez S.L.

35(769).-RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE “INICIATIVAS MUSICAIS”. EXPTE. 1661/336.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 13.06.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Na proposta de adxudicación do servizo de Apoio a iniciativas Musicais, realizada ante a Xunta de Goberno Local do día 5 do presente mes, existía un erro na duración do contrato, que segundo o establece o prego de condicións é de dous anos prorrogables ano a ano por outros dous máis, en lugar de un ano como o establecía o acordo acadado.

Por todo iso e ante a necesidade de corrixir o anterior acordo propónse á Xunta de Goberno Local o acordo da seguinte rectificación:

“Adxudicar a Xoma Iniciativas Sociais, S.L a xestión do Servizo de Apoio a Iniciativas Musicais polo período de dous anos, con prórroga de contrato de dous anos prorrogables ano a ano, por importe de 14.760 € anuais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

36(770).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN INTEGRAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA DAS “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006”. EXPTE. 1925/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.06.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado do 13.06.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, polo concelleiro da Área de Festas e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 205.000 euros para a prestación dos servizos de Producción integral dos espectáculos e actividades do programa das "Festas do Cristo da Victoria 2006" que se imputarán á partida presupuestaria 451.2.227.06.02 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), de 13.06.06, e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de Produción integral dos espectáculos e actividades do programa das "Festas do Cristo da Victoria 2006", de 12.06.06.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

37(771).- CONTRATACIÓN DUN AUXILIAR DE ENFERMERÍA OU CLÍNICA DE UNIDADES ESPECIAIS E DE SAÚDE MENTAL PARA CUBRIR PERÍODO VACACIONAL DO PERSOAL DA UAD CEDRO, E CONTRATACIÓN DUN OPERARIO-PAVIMENTADOR. EXPTE. 16515/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 16.06.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

Con data 3 de abril de 2005, o Director da U.A.D. CEDRO, coa conformidade do Xefe da área de Acción Social e da delegada de Participación Cidadá, solicita a substitución das dúas auxiliares de laboratorio do dito Servizo, durante os meses de xullo e agosto do presente ano, período vacacional regulamentario de ámbalas dúas funcionarias, tal e como se ven realizando en anos precedentes.

A Xunta de Goberno Local, en ordinaria do 8 de maio do 2006, adoptó acordo aprobando a contratación temporal de un "auxiliar de laboratorio", para a substitución de dito persoal durante ó periodo vacacional.

A Comisión de valoración, encargada de xulgá-lo proceso selectivo para dita contratación, en acta de data 14 de xuño do 2006, unha vez realizada a entrevista persoal e examinados os curriculum, declara "non aptos" os aspirantes enviados polo Servizo Galego de Colocación, por non poseer formación e experiencia solicitada e necesaria para manter a normal prestación do servizo asistencial durante ó periodo vacacional do persoal funcionario, sendo ésta imprescindible pola curta duración de ditos contratos.

En relación ó exposto, a comisión acorda solicitar novos candidatos para substituir a dito persoal, a través de anuncio publicado na prensa local, páxina do concello: www.vigo.org, ou calqueloutro medio de comunicación, concedendo un prazo de dous día hábiles para presentación de solicitudes, contados a partir da publicación do anuncio na prensa local.

Ó Servizo de Persoal, con carácter de urxencia e tendo en conta ó informe do Director da U.A.D. CEDRO sobor as funcións e tarefas que veñen realizando as traballadoras na unidade asistencial, ó propio carácter social da prestación do servizo e a presión asistencial ó que está sometido o mesmo, posto que a toma dos opiáceos substitutivos son necesariamente diarias e presenciais e afectan aproximadamente a uns 1.200 pacientes diarios, fai a seguinte PROPOSTA de modificación da denominación do posto de traballo solicitado para a U.A.D. CEDRO.

no anterior acordo de 8 de maio do 2006, por ser mais axeitado ó seu contido as características do servizo asistencial a prestar:

1.1.-CONTRATACIÓN DE UN AUXILIAR DE ENFERMERIA OU CLÍNICA, DE UNIDADES ESPECIAIS E DE SAÚDE MENTAL, PARA CUBRIR PERIODO VACACIONAL DO PERSOAL DA UNIDADE ASISTENCIAL CEDRO.

Os interesados deberán estar en posesión das titulacións dos ciclos formativos de grao medio de Técnicos en coidados auxiliares de enfermaría, téndose en conta ó disposto sobor equivalencias e vixencias das titulacións contempladas na Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.

Valorarásese experiencia con drogodependientes, en unidades especiais e de saúde mental.

Duración do contrato: dous meses, que corresponden ó periodo vacacional de dúas traballadoras funcionarias.

1.2.- Publicación de anuncio na prensa local, (acordo da comisión de valoración acta do 14-06-06), otorgando un prazo de dous día hábiles para a presentación das solicitudes acompañadas do correspondente currículo e fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos dos méritos alegados, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Respetando tódolos demais apartados do acordo de contratación do 8 de maio do ano que andamos.

2º.- CONTRATACIÓN DE UN OPERARIO-PAVIMENTADOR.- (Acordo da Xunta de Goberno de data 15-05-06). Habéndose producido unha vacante de operario-pavimentador, por renuncia dunha aspirante seleccionada pola comisión de valoración, e non habendo candidatos aprobados en lista de reserva, propónse a Xunta de Goberno Local a publicación de dita vacante a través de anuncio na prensa local, nos termos do acordado en sesión de data 15 de maio do 2006, dándolle os interesados ó mesmo prazo de dous días hábiles para presentación de solicitudes no rexistro xeral do Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe acorda:

1º.- Proceder á contratación dun auxiliar de enfermaría ou clínica, de unidades especiais e de saúde mental, para cubrir período vacacional do persoal da Unidade Asistencial CEDRO.

Os interesados deberán estar en posesión das titulacións dos ciclos formativos de grao medio de Técnicos en coidados auxiliares de enfermaría, téndose en conta ó disposto sobor equivalencias e vixencias das titulacións contempladas na Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.

Valorarásese experiencia con drogodependientes, en unidades especiais e de saúde mental.

Duración do contrato: dous meses, que corresponden ó periodo vacacional de dúas traballadoras funcionarias.

2º.- Publicar anuncio na prensa local, (acordo da comisión de valoración acta do 14.06.06), otorgando un prazo de dous día hábiles para a presentación das solicitudes acompañadas do correspondente currículum e fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos dos méritos alegados, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Respetando tódolos demais apartados do acordo de contratación do 8 de maio do ano que andamos.

3º.- Proceder á contratación dun operario-pavimentador, para cubrir unha vacante por renuncia dunha aspirante seleccionada pola comisión de valoración (constituída para a contratación temporal de 4 oficiais pavimentadores e 4 operarios pavimentadores aprobada por acordo da X.Goberno local de 15.05.06), mediante a publicación de dita vacante a través de anuncio na prensa local, nos termos do acordado en sesión de data 15 de maio do 2006, dándolle os interesados ó mesmo prazo de dous días hábiles para presentación de solicitudes no rexistro xeral do Concello.

38(772).- ASISTENCIA DE D^a FELISA BALBOA CARDOSO, PSICÓLOGA DO DEPARTAMENTO DA MULLER, AO CURSO DE “PREVENCIÓN E ATENCIÓN Á VIOLENCIA DE XÉNERO PARA EQUIPOS DE SAÚDE MENTAL” EN MADRID. EXPTE. 2439/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da oficina da Muller, do 2.06.06, conformado pola concelleira da Muller e intervido e conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de D^a Felisa Balboa Cardoso, con número de persoal 78119 ao curso de formación:“Prevención y atención a la violencia de género para equipos de salud mental”, que se celebra en Madrid do 5 ao 9 de xuño, ambos inclusive.

2ª.- O aboamento dos gastos de locomoción e dietas de aloxamento e manutención que xenere a súa estancia en Madrid durante a súa participación na actividade formativa, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, e a a Resolución de 2 de decembro de 2005, da Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos, sobre o importe das dietas en territorio nacional.

3º.- Autorizar o gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, para:

- 1) O pago da locomoción e transporte, por importe de 500,00 euros, con cargo á partida 4632 2310000.
- 2) O pago de dietas (aloxamento e manutención), por importe de 516,85 euros, con cargo á partida 4632 2300100.

mediante libramento a xustificar a nome da funcionaria Felisa Balboa Cardoso, NIF 35.550.687 R, que se farán efectivos na conta restrinxida da tesorería municipal número 2080 0000 72 004 02 87 905, a nome da habilitada D^a Elisa Rodríguez Lagoa, do orzamento en vigor.

39(773).- ASISTENCIA DE D^a JULIA MARIÑO VILLANUEVA, XEFA DE PRENSA E COMUNICACIÓN, AO CURSO DE “TÉCNICAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN EMPRESARIAL” EN BARCELONA. EXPTE. 1202/103.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas, do 14.06.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, e visto o intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o libramento a xustificar, conforme ao artigo 72 do Real Decreto 1098/2001.

2º.- Autorizar o gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de 1257,35 euros, para asistencia da funcionaria Julia Mariño Villanueva ao curso "Técnicas de información y comunicación empresarial" , a prol de Julia Mariño Villanueva Nif (36045806-E), con cargo ás partidas 11112310000 (locomoción), 11112300100 (Dietas persoal), 11111620000 (formación persoal), para ingresar a nome de Avelino San Luis Costas, na conta de habilitación Aut.04-Alcaldía (Código Cta. 2080 0000 72 004024682672 de Caixanova).

40(774).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO. EXPTE. 4154/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 15.06.06, o intervido e conforme do interventor xeral e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación do 15.06.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro da Área de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 123.000 euros para a prestación dos servizos de salvamento e socorrismo en determinados areas de Vigo que se imputarán á partida presupuestaria 4533.227.01.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), do 15.06.06 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de salvamento e socorrismo en determinados areas de Vigo.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

41(775).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.